



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 04 de xuño de 2021

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día catro de xuño de dous mil vinte e un, en segunda convocatoria, e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia online dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(454).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 27 de maio de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(455).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA DIRECTA Á FUNDACIÓN UNICEF-COMITÉ ESPAÑOL, PARA. EXECUCIÓN DO PROXECTO "PROTEXER AOS NENOS E NENAS MAIS VULNERABLES DOS EFECTOS DA PANDEMIA COVID-19 EN SIRIA CON SUBMINISTROS BÁSICOS". EXPTE. 217365/301

Visto o informe de fiscalización do 26/05/2021, dáse conta do informe-proposta do 13/05/2021, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor adxunto á Xefatura, a concelleira de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 05.05.2021 (Docums. núms. 210077478, 210077488 e 210077497) a Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario en Siria, co que se pretende contribuír ó cumprimento do dereito á supervivencia e ó desenvolvemento dos/as nenos/as e as súas familias, afectados pola pandemia da COVID-19, garantíndolles o acceso a servizos básicos de auga, saneamento, hixiene e saúde.

I.2. Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa/Proxecto, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 12.05.2021, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor de UNICEF para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).



Concello de Vigo

- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. A Convención Internacional sobre os dereitos do neno, ratificada por España en 1990, consagra, entre outros, o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación orientada a desenvolver a súa personalidade e capacidades, ó descanso e o lecer, ó xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e tamén o deber dos Estados de adoptar todas as medidas posibles para asegurar a protección e o coidado dos/as nenos/as afectados/as por un conflito armado (Arts. 28-31, 38 e ccdtes.).

III.2. UNICEF, Axencia da ONU para a infancia, fundada en 1946, é a organización líder mundial neste ámbito e conta con presenza activa en máis de 190 países. Na actualidade, a Oficina de UNICEF en Siria traballa para protexer os dereitos dos nenos/as afectados/as polo conflito e as súas familias, procurando garantir a súa supervivencia.

III.3. Tal como se indica no proxecto presentado para este ano 2021:

«La estrategia humanitaria de UNICEF en Siria se dirige a las poblaciones con mayor necesidad humanitaria. UNICEF continuará liderando los sectores de agua, saneamiento e higiene (WASH), educación y nutrición y el subsector de protección de la infancia y trabajará en estrecha colaboración con sus aliados en la ejecución del programa dentro de la República Árabe Siria y más allá de las fronteras a través de sus sedes en Damasco, Gaziantep y Ammán. (...)

En el marco de la presente propuesta, con el apoyo del Concello de Vigo, UNICEF comprará y distribuirá kits de agua e higiene para las niñas, niños y sus familias, suministros básicos para los centros de salud, equipamiento médico e higiénico para la protección del personal de salud y suministros para la desinfección de escuelas, centros de salud y otras instalaciones básicas...».

III.4. Estímase en cinco (5) millóns as persoas beneficiarias do proxecto global de UNICEF en Siria para respostar á pandemia do coronavirus, con medios de prevención da infección (artigos de hixiene, xabón e auga), estimándose tamén que 125 centros de saúde beneficiaranse dos equipos de protección e dos servizos de auga, saneamento e hixiene, a fin de cumprir coas normas de hixiene necesarias para facer fronte á COVID-19.

III.5. O obxectivo específico perseguido é o de reducir a transmisión e mortalidade deste novo coronavirus a través dos subministros de hixiene adecuados para as familias máis vulnerables e da protección esencial do persoal sanitario en Siria.

III.6. As actividades incluídas no proxecto «*PROTEXER ÓS NENOS E NENAS MÁIS VULNERABLES DOS EFECTOS DA PANDEMIA COVID-19 EN SIRIA CON SUBMINISTROS BÁSICOS*» desagreganse do seguinte xeito:

- Actividade 1. Distribución de subministros esenciais para garantirles ás familias máis vulnerables a hixiene e o saneamento axeitados (*kits* familiares básicos de auga e hixiene).
- Actividade 2. Provisión de materiais esenciais para o persoal dos centros de saúde (mascarillas, luvas, gafas protectoras, termómetros, equipos de reanimación, etc.) e de subministros para a desinfección dos centros.

III.7. O orzamento estimado por UNICEF para levar a cabo este concreto proxecto humanitario é de 10.000€ (DEZ MIL EUROS); importe da subvención que se solicita ó Concello de Vigo.

III.8. Nos vixentes orzamentos municipais está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de UNICEF por esa mesma cantidade (10.000€) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos está prevista expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «*subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais*» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ó restablecemento institucional.



Concello de Vigo

III.9. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.10. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23.1.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, lóxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da

Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.11. O proxecto presentado ó Concello de Vigo por UNICEF estaría en coherencia, tanto coas políticas de acción humanitaria da *“Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo”* (AECID), dependente do *Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación* (na actualidade: «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021»), como coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, concretadas no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas responder ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

III.12. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.13. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e ccdtes.), previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) unha subvención directa por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento dun proxecto humanitario en Siria co que se pretende contribuír ó cumprimento do dereito á supervivencia e ó desenvolvemento dos/as nenos/as e as súas familias, afectados pola pandemia da COVID-19, de acordo co documento e a proposta presentadas ó Concello de Vigo.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 10.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”) dos orzamentos vixentes, a favor da Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia), CIF G – 84451087.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerá polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de UNICEF: «*PROTEXER ÓS NENOS E NENAS MÁIS VULNERABLES DOS EFECTOS DA PANDEMIA COVID-19 EN SIRIA CON SUBMINISTROS BÁSICOS*», co que se pretende contribuír ó cumprimento do dereito á supervivencia e ó desenvolvemento dos/as nenos/as e as súas familias, afectados pola pandemia da COVID-19, garantíndolles o acceso a servizos básicos de auga, saneamento, hixiene e saúde.

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: estímase en cinco (5) millóns o total das persoas beneficiarias do proxecto de UNICEF en Siria para respostar á pandemia do coronavirus con medidas de prevención da infección (artigos de hixiene, xabón e auga), estimándose tamén que 125 centros de saúde beneficiaranse dos equipos de protección e dos servizos de auga, saneamento e hixiene, a fin de cumprir coas normas de hixiene necesarias para facer fronte á COVID-19.

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención (10.000€) poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (UNICEF), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Régime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciſen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de UNICEF en Siria, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2021 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Documento xustificativo da transferencia de fondos desde o Comité Español de UNICEF, con indicación expresa do doante, a cantidade e o proxecto ó que se destinan (“*Remittance Advice*”).
- Certificado de recepción de fondos emitido pola central de UNICEF en New York, onde se reflicte o tipo de cambio (“*Official Receipt*”).
- Certificado da subvención recibida asinado pola directora de Administración e Finanzas de UNICEF – Comité español, detallando o proxecto ó que se destinan os fondos.

En xuño de 2022 entregarase, ademais, un informe narrativo consolidado da acción de emerxencia levada a cabo na anualidade de 2021.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do



Concello de Vigo

Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable:* A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(456).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DOS DISPOSITIVOS E CONSUMIBLES DE IMPRESIÓN ASÍ COMO O SOFTWARE ASOCIADO DE XESTIÓN DO PARQUE. EXPTE. 9479/113.

Visto o informe de fiscalización do 28/05/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/05/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adjudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque (9.479-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque (9.479-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do do servizo de impresión corporativo do Concello de Vigo (2021-2026)

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 18/01/2021 e cò conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 18/01/2021 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 03/03/2021 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 17/03/2021, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 18/03/2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 17/03/2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 667.520,00 €, que inclúe un IVE de 115.850,58 €, dende o 1 de Xuño de 2021 , segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:



Concello de Vigo

exercicio	concepto	partida	base	ive	total
2021	Renting sistemas de impresión	9227.222090001	80.451,79 €	16.894,88 €	97.346,67 €
2022	Renting sistemas de impresión	9227.222090001	137.917,36 €	27.768,59 €	166.880,00 €
2023	Renting sistemas de impresión	9227.222090001	137.917,36 €	27.768,59 €	166.880,00 €
2024	Renting sistemas de impresión	9227.222090001	137.917,36 €	27.768,59 €	166.880,00 €
2025	Renting sistemas de impresión	9227.222090001	57.465,57 €	11.570,30 €	69.533,33 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Este acordo foi obxecto de corrección por resolución da concelleira delegada de Contratación de data 20 de abril de 2021:

“1º.- Rectificar as cláusulas 4 e 5 do prego de prescricións técnicas particulares do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión, así como o software asociado de xestión do parque, que quedarán redactados como segue:

- Cláusula 4 Características do equipamento físico:

Onde di “Características mínimas de cada tipo específico.

Tipo 1:

- Memoria 2 GB
- Gramaxe de papel 60-200 gr/m2
- Tempo máximo de impresión 1ª páxina 6 segundos”

Debería dicir:

“Características mínimas de cada tipo específico.

Tipo 1:

- Memoria **1 GB**
- Gramaxe de papel 60-200 gr/m2
- Tempo máximo de impresión 1ª páxina 6 segundos”

- Cláusula 5 Características do equipamento software:

Onde di:“Sistemas de impresión “follow-me” que permita a un usuario recoller un traballo impresión en calquera dos equipos multifunción (Tipo 9, Tipo 3, Tipo 4, tipo 5 e Tipo 6)”

*Debe dicir: Sistemas de impresión “follow-me” que permita a un usuario recoller un traballo impresión en calquera dos equipos multifunción (**Tipo 7**, Tipo 3, Tipo 4, tipo 5 e Tipo 6)*

2º.- Aprobar as respostas á cuestións formuladas contidas neste informe.

3º.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas en 7 días.

4º.- *Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e, no suposto de que se tivera presentado algunha oferta requirírase aos licitadores para que manifesten se manteñen a oferta presentada ou a retiran para presentar unha nova”.*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque (9.479-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SOLITIUM NOROESTE, S.L.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. (B-15.361.348), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLITIUM NOROESTE, S.L.U., o día 18 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida o 26 de maio de 2021, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. SOLITIUM NOROESTE, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña



Concello de Vigo

presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLITIUM NOROESTE, S.L.U., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 8 de maio de 2021 e do acordo da Mesa de Contratación do 14 de maio polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na proposición avaliable mediante fórmula por ser o único licitador admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. (B-15.361.348) o procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque (9.479-113 coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 667.520,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 115.850,58 euros.

- O prezo mensual total de aluguer dos dispositivos de impresión incluídos no PPT o de 6.744,72 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.170,57 euros.

- Comprométese a que o hardware dos dispositivos de impresión a subministrar reunirá as seguintes características:

Característica	Tipo dispositivo segundo o PPT					
	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Velocidade de impresión (en PPM)	43	40	35	35	30	120

Característica	Tipo dispositivo segundo o PPT					
	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Memoria (en MB)	2000	4096	2000	2000	2000	16000

Característica	Tipo dispositivo segundo o PPT				
	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6	Tipo 7
Finalizadores (indicar nº)				1	

Característica	Tipo dispositivo segundo o PPT					
	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Capacidade de carga de papel	500	600	500	1200	1200	9000

	Tipo dispositivo segundo o PPT					
dos equipos (nº follas)						

	Tipo dispositivo segundo o PPT					
Característica	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Velocidade de resposta da primeira impresión (en frío) (en segundos)*	5	8	6	4,3	4,5	2,6

* Velocidade = 1 folia/segundos

- Propón como prezo das copias en branco e negro o de 0,00594576 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 0,00124861 euros, o que supón un prezo total de 0,00719437 euros.

- Propón como prezo das copias en cor o de 0,04162030 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 0,00874026 euros, o que supón un prezo total de 0,05036056 euros.

- Propón para as unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato os prezos que se consignan na seguinte táboa (IVE incluído):

Tipo dispositivo (i)\aluguer mensual ano(j)	Aluguer j=1 (Primeiro ano)	Aluguer j=2 (Segundo ano)	Aluguer j=3 (Terceiro ano)	Aluguer j=4 (Cuarto ano)	Aluguer j=5 (Quinto ano)
i=1(Tipo 1)	6,18 €	6,18 €	6,18 €	3,09 €	3,09 €
i=2(Tipo 2)	14,02 €	14,02 €	14,02 €	7,01 €	7,01 €
i=3(Tipo 3)	12,08 €	12,08 €	12,08 €	6,04 €	6,04 €
i=4(Tipo 4)	46,06 €	46,06 €	46,06 €	23,03 €	23,03 €
i=5(Tipo 5)	43,73 €	43,73 €	43,73 €	21,86 €	21,86 €
i=6(Tipo 6)	394,84 €	394,84 €	394,84 €	197,42 €	197,42 €
i=7(Tipo 7)	53,37 €	53,37 €	53,37 €	26,68 €	26,68 €

- Propón os seguintes valores de consumo enerxético para cada un dos tipos de dispositivos 1, 2, 3, 4, 5 e 6 :

- Tipo 1: 0,74 Kw/semana
- Tipo 2: 0,42 Kw/semana
- Tipo 3: 0,49 Kw/semana
- Tipo 4: 0,45 Kw/semana



Concello de Vigo

- Tipo 5: 0,34 Kw/semana
- Tipo 6: 17,66 Kw/semana

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(457).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTE- MENTO DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL. EXPTE. 10075/307.

Visto o informe de fiscalización do 28/05/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/05/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial polo procedemento aberto e tramitación ordinaria.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado o 25 de xaneiro de 2021 polo conservador de espazos naturais de Patrimonio Histórico e o 26 de xaneiro de 2021 polo xefe de Montes, Parques e Xardíns.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 11 de febreiro de 2021.

4º.- Autorizar o gasto:

- ▣ ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (con IVE): 157.379,82 €
- ▣ IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 27.313,85 €
- ▣ VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 260.131,94 €
- ▣ ANUALIDADES CON IVE:
 - 2021: 104.919,84 euros.
 - 2022: 52.459,98 euros.

E) APLICACIÓN S ORZAMENTARIAS:

	3360.2100001	3360.2100004
2021	96.100 €	8.819,84 €
2022	52.459,98 €	

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	93,09
2	VIVEIROS ADOA S.L.	80,40

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., o día 18 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida o 25 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 3 e 7 de maio de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307) por un prezo total de 143.852,03 euros, sendo a cota correspondente ao IV de 24.966,05 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(458).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA Balsa – MATAMÁ". EXPTE. 645/441.

Visto o informe de fiscalización do 28/05/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/05/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA BALSA - MATAMÁ" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SEIS MIL CINCO-CENTOS NOVENTA E OITO EUROS E SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (206.598,69 €), e sinatura dixital de data 14 de decembro de 2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 9 de outubro de 2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS SEIS MIL CINCO-CENTOS NOVENTA E OITO EUROS E SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (206.598,69 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 35.855,97 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARRÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:



Concello de Vigo

Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2021, de non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda (DEUC) sen asinar.

Segundo.- Excluir deste procedemento a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 30 de abril de 2021.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	93,51
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	91,78
3	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	89,97
4	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	88,44

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (B-94.097.268), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L., o día 7 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida o 24 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de

adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 5 de abril e 3 de maio de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2021, de non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda (DEUC) sen asinar.*
2. *Tomar razón da resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de maio de 2021 pola que se exclúe deste procedemento a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 30 de abril de 2021.*
3. *Adxudicar a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (B-94.097.268) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construcción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá” (645-441) por un prezo total de 163.191,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 28.322,47 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

6(459).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB DEPORTIVO VALLADARES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020/2021. EXPTE. 20361/333.

Visto o informe xurídico do 26/05/21 e o informe de fiscalización do 28/05/21, dáse conta do informe-proposta do 04/03/21, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 16.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.15 a favor da entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2020-2021.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB DEPORTIVO VALLADARES conta cun equipo de elite na modalidade de fútbol na categoría Primera Nacional Femenino. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primera Nacional Femenino hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2020-2021, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.

- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei



Concello de Vigo

38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.489.00.15, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES durante a tempada deportiva 2020-2021, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2021.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB DEPORTIVO VALLADARES para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2020-2021 e aprobar o texto do convenio que a regula.
- SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 16.000,00 €. a favor da entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES co CIF: G36629657 e enderezo social na rúa Cesáreo González, 15 baixo, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20361-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.15 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO VALLADARES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020-2021 (EXPTE. 20361/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil _____.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Teodoro Davila Rial como presidente da entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES CIF: 36629657 e enderezo social na rúa Cesáreo González, 15 baixo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20361/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES durante a tempada 2020-2021. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Primera Nacional Femenino, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2020-2021.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



Concello de Vigo

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.15 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da entidade deportiva CLUB DEPORTIVO VALLADARES.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES na tempada deportiva 2020-2021.

VI.- Que a entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 20361-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB DEPORTIVO VALLADARES conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES comprométese a colaborar coa Concelaría de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol na tempada 2020-2021.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- Na páxina WEB da entidade, a imaxe institucional do Concello deberá estar presente, como mínimo, na páxina principal.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción colectivos, en todos os desprazamentos para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías das equipacións de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nas equipacións de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional ubicadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.



Concello de Vigo

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB DEPORTIVO VALLADARES unha subvención por importe de 16.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.15 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadunar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2020-2021. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2020-2021, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de

Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.



Concello de Vigo

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2020-2021. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2021, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- En relación á extinción e resolución.

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.



Concello de Vigo

- c) A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de _____.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(460).- PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA-CASCO VELLO. EXPTE. 17500/332.

Visto o informe de fiscalización do 01/06/21 e o informe xurídico do 31/05/21, dáse conta do informe-proposta do 24/05/21, asinado pola xefa do Servizo de Educación, polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación. A Xunta de Goberno Local, na sesión do 8 de abril de 2016, aprobou o expediente de contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Santa Marta-Casco Vello, por procedemento aberto, así como, o prego de prescricións técnicas particulares de 25/01/2016 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 05/04/2016 que rexen a licitación, e aprobou o gasto por importe de 857.015,44 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación. A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 18 de maio de 2017, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal Santa Marta – Casco Vello, por un prezo total do contrato de 747.600,00 euros euros (exento de IVE), e de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 08/04/2016 e a oferta presentada.

3.- Prazos.

O prego de cláusulas administrativas particulares referise aos prazos na cláusula 24:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ó cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...)”

O apartado 4 das FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) establece respecto ao prazo de execución :

- A) “PRAZO DE EXECUCIÓN: 4 anos
- B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan
- C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: dúas prórrogas dun ano de duración cada unha
- D) DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: 1 de outubro de 2016”.

4.- Formalización do contrato. Con data 12 de xuño de 2017 asinouse o contrato entre o Concello de Vigo e a mercantil Colegio Los Milagros SL., como empresa adxudicataria para a prestación dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal Santa Marta – Casco Vello, fixándose como **data de comenzo das prestacións o día 16 de xuño de 2017**.

5.- Situación urbanística da edificación da EIM Santa Marta e necesidade de modificación do contrato. O Plan Xeral vixente inclúe o edificio da EIM Santa Marta no ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma interior Casco Vello de Vigo, con aprobación definitiva polo Pleno do Concello de data 12 de Abril de 2007.

O Pleno do Concello, en sesión do día 8 de outubro de 2019 prestou aprobación inicial á <<Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura>>.

Segundo informe da arquitecta municipal da Xerencia de urbanismo de 18 de febreiro de 2020

“Na Modificación se prevé o traslado da Escola Infantil situada na R/ Santa Marta Nº 38, polo que sería necesario pechar esta escola Infantil en xullo de 2021.”

Se prevé que as obras, no entorno da Escola, comencen a principios de 2021 polo que a escola estaría afectada polas molestias que poda producir a proximidade das obras, ata xullo de 2021, data na que esta previsto o seu peche.”

A permanencia dos nenos no actual edificio da escola infantil durante a execución das obras de construción dos novos inmobles non parece axeitada, dado que estarían sometidos a un entorno moi desfavorable de ruído, po, tránsito de maquinaria e demais molestias que ocasionan as obras. Por esta razón considerase necesario o traslado da dita escola a unhas instalacións máis axeitadas valorándose como opción adecuada a creación dunha escola infantil no Instituto Municipal de Educación Miguel Servet (IME), edificio de titularidade municipal adscrito ao Servizo de Educación.

Con este obxecto, tramitouse o contrato menor de servizos de redacción do proxecto e prego de prescricións técnicas para a creación dunha escola infantil municipal no Instituto Municipal de Educación, (expte.821-441) adxudicado ao arquitecto don Ángel J. Santoro Cuartero.

En consecuencia, unha vez finalizadas as obras de acondicionamento do soto e baixo do Instituto Municipal de Educación sito no Camiño do Chouzo nº 2 de Vigo e obtida a corres-



Concello de Vigo

pondente autorización da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a Escola Infantil Municipal Santa Marta trasladarase a nova sede onde se prestarán o servizos obxecto do contrato, polo que nese momento será necesario modificar o contrato de xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello, no que se refire ao lugar de prestación do servizo, apartado 13 das Follas de Características do contrato (FEC) "LUGAR DE ENTREGA DAS PRESTACIÓNS", manténdose igual o obxecto do contrato e demais condicións de execución.

6.-Conformidade coa prórroga.- Mediante escritos de data 12 de maio de 2021 (documentos 210082785 e 210082789, anexados ao expediente), don José Luís Rey Parente como representante da entidade Colegio Los Milagros SL, manifesta a súa conformidade de acollerse á prórroga do contrato que finalizaba o 15/06/2021, tendo en conta a posible modificación do lugar de entrega das prestacións do contrato para a sede da Escola Infantil Municipal Santa Marta ao Camiño do Chouzo número 2 – 36208 Vigo.

7.- Prestación do servizo.-A prestación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello por parte da empresa actualmente adxudicataria (Colegio Los Milagros SL) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 16/06/2021 e o 15/06/2022.

8.- Orzamento.-O prezo total do contrato para catro anos quedou aprobado por un importe de 747.600,00 euros, sendo o prezo por anualidade de 186.900,00 euros. No apartado 3J das Follas de características do contrato do PCAP aprobado para esta contratación indícase que non procede a revisión de prezos. O gasto de 186.900,00 euros correspondente á prórroga deste contrato dividiríase en dúas anualidades (93.450,01 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2021 e 93.449,99 euros con cargo ao exercicio 2022) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9906 (Escola infantil Casco Vello) dos exercicios 2021 e 2022, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2021, faise constar que xa existe a operación contábel 202100002769, por importe de 93.450,01 euros, de retención de crédito para a tramitación da primeira prórroga do contrato.

9.- competencia.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión da Escola Infantil Municipal Santa Marta – Casco Vello (expte. 17500/332) para o período comprendido entre o 16/06/2021 e o 15/06/2022, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 186.900,00 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Colegio Los Milagros SL, CIF B-36.626.109 (EIM Santa Marta–Casco Vello). Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9906 (Escola infantil municipal Casco Vello) e súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2021 (de 16/06/2021 a 31/12/2021): 93.450,01 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (de 01/01/2022 a 15/05/2022): 93.449,99 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(461).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA A RESOLUCIÓN DO OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2020. EXPTE. 17970/77.

Visto o informe de fiscalización do 26/05/21, dáse conta do informe-proposta do 27/05/21, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020.

ANTECEDENTES

Con data do 24.09.2020 e núm. de rexistro 20173417 Raquel Sixto Requeijo co DNI 4890**** en representación da entidade Dental Sixto Rivas SL co NIF B27857788 presentou solicitude de Axuda Municipal á Creación de Empresas do ano 2020.



Concello de Vigo

Con data do 08.10.2020 e núm. de rexistro 200183782, con data do 19.10.2020 e núm. de rexistro 200188417, con data do 19.10.2020 e núm. de rexistro 200188418, con data do 13.11.2020 e núm. de rexistro 200236475, con data do 24.11.2020 e núm. de rexistro 200249042 Raquel Sixto Requeijo co DNI 4890***** achega outra documentación necesaria para completar o expediente de solicitude da entidade Dental Sixto Rivas SL co NIF B27857788 (expte. 17643/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 10.12.2020, acordou concederlle unha axuda por importe de 2.300,44€.

De conformidade coa Base 5ª relativa á Concesión das axudas e tramitación do pagamento, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020, con data do 10.12.2020 publicouse no taboleiro de editos e na páxina web www.vigo.org do Concello de Vigo a resolución relativa ao outorgamento desta axuda e co rexistro de saída número 79792 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 17.12.2020 e núm. de rexistro 200264961 a entidade Dental Sixto Rivas SL co NIF B27857788 presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación xustificativa da subvención concedida, conforme ás Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020 (Expte. 17936/77).

Por último, con data do 18.12.2020 e núm. de rexistro 200265125 Raquel Sixto Requeijo co DNI 4890***** en representación da entidade Dental Sixto Rivas SL co NIF B27857788 (expte. 17970/77) presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 10.12.2020 pola que se lle concedeu unha axuda por importe de 2.300,44€.

No recurso presentado a representante da empresa manifesta a desconformidade coa resolución e solicita admitir o dito recurso, a revisión do expediente e a concesión da axuda por importe superior baseado nas seguintes alegacións:

“... Que la empresa Dental Sixto Rivas, S.L, se dedica a la prestación de servicios odontológicos, cuyo CNAE es el 8623 (Actividades Odontológicas), y según su epígrafe I.A.E 943.1 (Consultas clínicas estomatológicas y odontológicas), siendo esta actividad exenta de IVA.”

Que “... entre las facturas presentadas se aportó la factura número FV19/17389 por importe de 1832,87 € (mil ochocientos treinta y dos euros con ochenta y siete céntimos), correspondiente a la compra de mercancías y materias primas para la actividad, la cual no aparece reflejada en la propuesta económica de la subvención y que no se ha tenido en cuenta para la valoración del importe concedido.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2020 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, expediente 17467/77, establecen:

- Na Base 1.5. Tipo, contía e gastos subvencionables: “Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. No caso de dúbida relativa a estes gastos será a Comisión de Valoración quen decida.”
- Na Base 5ª Concesión das axudas e tramitación do pagamento: “Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo anteriormente sinalado:
 - a) **Anexo VI. Declaración responsable do perceptor**, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que a documentación dixitalizada que se achega é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
 - Que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas cumpren o establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación; ou relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. A empresa beneficiaria poderá solicitar os datos necesarios para cubrir o dito anexo ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e presentarse asinado e con data actualizada.
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
 - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse a tal efecto unha **declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou acordo de exención do IVE**).”



Concello de Vigo

Revisado o expediente 17643/77 a nome de Dental Sixto Rivas SL de solicitude da axuda, e de conformidade co anteriormente exposto, faise constar:

–No documento 200173417 a solicitante achega Certificado de Situación Censal en cuxo apartado de “Obligacións periódicas” non consta o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) pero tampouco sinala ou acredita a súa condición de suxeito pasivo de IVE de xeito explícito.

–Segundo a base 5ª non consta presentada unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou acordo de exención do IVE.

–Ao non formular nin aportar documentación explícita que acredite a súa condición de estar exento de IVE non se considerou o IVE das facturas presentadas, tal e como se sinala na base 1.5 Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables, para o cálculo da axuda a conceder.

–No documento 200173418 constátase o erro no cálculo da axuda a conceder ao considerar na factura FV19/17389 un importe de 555,1€ correspondente aos conceptos subvencionables respecto do importe total; segundo as bases reguladoras procede subvencionar o 50% desta contía polo que corresponde abonar unha diferenza de 277,55€ e incrementa a contía da axuda outorgada por importe de 2.300,44€.

O abono da diferenza de 277,55€ farase con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á Creación de empresas” do Estado de Gastos do vixente orzamento.

Polo anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral municipal propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por Raquel Sixto Requeijo co DNI 4890***** en representación da entidade Dental Sixto Rivas SL co NIF B27857788 (expte. 17970/77) **procedendo abonar unha diferenza de 277,55€** respecto da contía da axuda de 2.300,44€ concedida correspondente ao 50% do importe dos conceptos subvencionables da factura FV19/17389. O importe de 277,55€ farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á Creación de empresas” do Estado de Gastos do vixente orzamento. Así mesmo, procede desestimar a consideración do IVE das facturas achegadas por non formular nin presentar documentación acreditativa da súa condición de suxeito pasivo de IVE segundo ás bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado en resposta ao recurso de reposición presentado.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(462).- REINTEGRO PARCIAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á UNIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CANDEÁN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2020. EXPTE. 17928/77.

Visto o informe de fiscalización do 19/05/21, dáse conta do informe-proposta do 25/05/21, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2020.

ANTECEDENTES

Con data 06/02/2020, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro correspondentes ao ano 2020. (expte. 17040/77).

Con data 21/02/2020, publicouse no BOP, a convocatoria de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o ano 2020, dando comezo ao prazo de presentación de solicitudes desde o 24/02/2020 ao 09/03/2020, ambos incluídos.

Con data do 24/02/2020 a UNIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CANDEÁN (CIF:G-36648186) presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de subvención para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2020 (expte. 17105/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 18/08/2020 acordou concederlle unha subvención por importe de 4.626,72 €.

Con data do 20.08.2020 e rexistro de saída número 60041 comunícaselle a concesión da axuda, o importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.



Concello de Vigo

Con data do 21.08.2020 a UNION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CANDEÁN presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito de solicitude dun anticipo do 50% da subvención concedida para o ano 2020 dentro do programa de axudas para o Fomento do Emprego para a realización das accións previstas no convenio (expte. 17502/77).

En atención á solicitude achegada, e en aplicación da cláusula 5ª das “bases das subvencións de fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro”, deuse trámite ao anticipo do 50%, procedendo ao pagamento de **2.313,36 €** con data 16/09/2020.

Con data do 13.10.2020 a entidade UNION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CANDEÁN achegou a través da sede electrónica e dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da subvención concedida (expediente 17692/77).

Examinada a documentación achegada para a xustificación das subvencións outorgadas para fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro dacordo co establecido na Base 14ª, comunícouselle con data 09/11/2020, saída 74323, que debería achegar, entre outros a seguinte documentación: Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións) nos meses imputados.

Recepcionada a documentación aportada, en data 19/11/2020 apreciase que faltan certificacións bancarias xustificando o pago das nóminas do persoal contratado no período subvencionable, sendo o montante total da subvención xustificada de 0 €.

De acordo co exposto e logo da xustificación final, resulta procedente a incoación de REINTEGRO TOTAL da subvención concedida, pola diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo e o finalmente xustificado, que ascende a un importe de **2.313,36 €** (0,00 – 2.313,36).

Con data 19/05/2021, o servizo de Intervención fiscaliza o expediente favorablemente con observacións, sinalando que na Resolución deberáselle indicar ao beneficiario os prazos de pagamento segundo o establecido no Regulamento Xeral de Recadación.

Á vista do anterior se incorpora á proposta de resolución a indicación dos prazos de pagamento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras da convocatoria do ano 2020 de subvencións para o fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro, expediente 17040/77, establecen as obrigas que asumen as entidades subvencionadas, entre as que se inclúen nomeadamente (Bases 7ª e 17ª) as de:

- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.

- Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.

En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

- Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co seguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Mediante orde de inicio de expediente 17928/77, asinada polo concelleiro delegado de Cultura e Emprego de data 04.01.2021, procedeuse ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada á UNION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CANDIÁN (CIF:G-36648186).

Mediante notificación co número de saída 665 asinada pola técnica de xestión de data 12/01/2021 (PD da secretaria do Goberno Local, Resolución do 17/07/2019), e recibida na data 20/01/2021 efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Con data 03/02/2020 e documento núm. 210018116, achégase escrito da asociación, na que, en síntese, manifesta a disconformidade coa revogación parcial de subvención, indicando que ao seu entender, as nóminas asinadas polo traballador e pola empresa son certificacións, tal e como manifestan que llo indicou unha inspectora de traballo.



Concello de Vigo

En resposta á alegación, achegada cómpre informar que non se pode estimar a motivación exposta por considerar incumplido o establecido nas bases da convocatoria, que claramente esixe documentos **bancarios** que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal contratado obxecto da subvención, podendo optar por aportar: transferencia bancaria, cheque nominativo ou certificacións bancarias.

Xa que logo, examinados o expediente nº 17105//77 de solicitude da axuda, o expediente nº 17502/77 de solicitude de anticipo do 50% e o expediente nº 17692/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas ditas bases reguladoras da convocatoria e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que logo da xustificación final, resulta procedente propoñer o REINTEGRO PARCIAL da subvención outorgada á UNION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CANDEÁN pola diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo e o finalmente xustificado, por importe de **2.313,36 €** e de **12,49 €** correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data da adopción do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	16/09/2020	Importe para o cálculo:	2.313,36 €
Data fin do cálculo:	11/03/2021	Tipo deuda:	Reintegro

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
16/09/2020	11/03/2021	176	3,75	2.313,36	41,83
TOTAIS					
2.355,19 €					

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditalar e notificar a resolución.

Polo que respecta o prazo para efectuar o aboamento das cantidades a reintegrar, de conformidade co disposto no art. 62.2 Lei 58/2003 xeral tributaria, se a notificación da liquidación se recibe entre os días 1 e 15 de cada mes, o pago deberá realizarse ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Se recibe a dita notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17.08.2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO.- Requirir á UNION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CANDEÁN (CIF:G-36648186) o reintegro parcial da cantidade de **2.355,19 €** que se corresponde coa diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo do 50 % da axuda concedida e o finalmente xustificado por importe de **2.313,36 €** ao que se engaden 41,83 € correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago ata a data da adopción do presente acordo; de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvencións para fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro 2020 e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

SEGUNDO.- Dar conta á entidade do prazo para o aboamento das cantidades debidas en concepto de reintegro parcial da subvención, de xeito que, se a notificación da liquidación se recibe entre os días 1 e 15 do mes, o pago deberá realizarse ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Se recibe a dita notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

TERCEIRO.- Dar conta á entidade do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición



Concello de Vigo

contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(463).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN E CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XGL DO 12/03/2021 POLO QUE SE APROBOU O OUTORGAMENTO DAS “SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO 2020”. EXPTE. 17262/77.

Visto o informe de fiscalización do 27/05/21, dáse conta do informe-proposta do 27/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Subvencións para o Fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do Traballo Colaborativo ano 2020.

Antecedentes:

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 12 de marzo de 2021, aprobou o “**OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO ANO 2020**”, (EXPTE 17262/77) dispoñendo:

“...**PRIMEIRO**: DESESTIMAR, conforme ao art. 23.3 da LSG, as solicitudes de subvención das entidades que se relacionan, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en concreto, polas causas indicadas:

SOLICITANTE	NIF	MOTIVO DESESTIMACIÓN	FUNDAMENTO XURÍDICO
JUAN MANUEL FERNÁNDEZ COLLAZO	76****58A	Débedas coa AEAT e co Concello de Vigo	Base 2ª.4
NEVIAN SISTEMAS SL	B36524031	Enderezo social en O Porriño (segundo situación censal actualizada aportada)	Base 2ª.1
ALEJANDRO HERNÁNDEZ ALFAGEME	3608****	Enderezo fiscal en Oia	Base 2ª.1
JAVIER NIETO PELETEIRO	****967N	Solicitud presentada fora do prazo da convocatoria (presentada o 12/06/2020)	Base 8ª
LUCERO DÁMASO LOPEZ	Y3****5X	Solicitud presentada fora do prazo da convocatoria (presentada o 30/09/2020)	Base 8ª

SEGUNDO: CONCEDER o gasto, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás persoas emprendedoras e micropemes que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida orzamentaria 2410 4700004 "EMPRENDEMENTO E CONSOL. EMPRESARIAL T. COLABOR" do vixente exercicio orzamentario, por importe de 35.000,00 € (trinta e cinco mil euros):

Nº Expd-te.	NOME ENTIDADE	NIF	Cantidad Solicitada	BAREMO (Total)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
17301/77	BREOGAN PÉREZ GONZÁLEZ	36****4*S	532,00 €	4	529,62 €
17302/77	MAREMAL AGENCIA CONSULTORÍA INNOVACIÓN SLL	B27869270	900,00 €	8	900,00 €
17303/77	JAVIER PEGO MARTÍNEZ	35***94**	646,00 €	9	646,00 €
17306/77	MARINA BELLOCH VILLASANTE	***9344**	720,00 €	4	529,62 €
17307/77	BEATRIZ LOSADA BOBILLO	3***41**H	720,00 €	4	529,62 €
17308/77	DOSVALOR JH SL	B36766483	1.500,00 €	10	1.324,04 €
17310/77	DOSVALOR CONSULTORÍA SL	B27862424	880,00 €	9	880,00 €
17311/77	REAL ESTATE SERVICING SL	B27766120	1.500,00 €	17	1.500,00 €
17312/77	MARÍA DEL CARMEN POYAN RASILLA	**295***K	1.500,00 €	9	1.191,64 €
17313/77	ANDRÉS FONTÁN CORTÉS	3*16****Q	180,00 €	6	180,00 €
17317/77	FERNANDO MIGUEL PÉREZ IGLESIAS	3*117****	1.080,00 €	9	1.080,00 €
17318/77	A TROITA DE PÉ, DES. E COMUN. CB	E27833755	1.200,00 €	9	1.191,64 €
17319/77	A MOVIDA CULTURAL SLL	B27857366	1.500,00 €	10	1.324,04 €
17320/77	ZELTIA SA DE JUAN	3**05***H	720,00 €	9	720,00 €
17321/77	SOFÍA CAMACHO CAMBEIRO	***413*0V	1.500,00 €	9	1.191,64 €
17323/77	MARÍA ESTHER MONTES PÉREZ	***584**F	939,60 €	9	939,60 €
17324/77	MARÍA DE LAS MERCEDES PRADOS COSTOYA	36*78****	939,60 €	9	939,60 €
17325/77	ALEJANDRO MARCOS GUERRERO	3*108****	1.008,00 €	9	1.008,00 €
17326/77	ANTONIO GUTIÉRREZ PEREIRA	36**40*0*0*	1.008,00 €	9	1.008,00 €
17327/77	O CABLE INGLÉS S. COOP. GALEGA	F27768563	177,60 €	12	177,60 €
17328/77	XABIER FERREIRO PRADO	3609****	1.500,00 €	9	1.194,04 €
17329/77	GUSTAVO IVÁN GARCÍA MARTÍNEZ	**195***3K	600,00 €	6	600,00 €



Concello de Vigo

Nº Expd-te.	NOME ENTIDADE	NIF	Cantidade Solicitada	BAREMO (Total)	SUBVENCIÓN CON-CEDIDA
17330/77	EMOTIVE NEURMARKETING TECHNOLOGIES SL	B27836188	984,00 €	9	984,00 €
17331/77	CATRO VENTOS EDITORA S.COOP.GALEGA	F27768563	1.200,00 €	7	928,70 €
17332/77	JOSÉ ANTONIO NOGUEIRAS GONZÁLEZ	3*****52K	374,40 €	4	374,40 €
17333/77	DAVID VÁZQUEZ GARCÍA	**482***N	1.494,70 €	9	1.194,04 €
17334/77	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL SL	B36917201	1.080,00 €	11	1.080,00 €
17335/77	MARÍA DEL CARMEN ALONSO ALBO	3605*****	1.500,00 €	9	1.194,04 €
17336/77	NURIA LÓPEZ GONZÁLEZ	*****677J	720,00 €	8	720,00 €
17338/77	AVANSUM SL	B27832120	1.500,00 €	5	665,35 €
17339/77	CFSO BY THE WAY SL	B27877620	1.500,00 €	6	796,03 €
17340/77	PATRICIA DÍAZ FERNÁNDEZ	3****61*B	715,00 €	4	530,68 €
17342/77	MICATON ERGONOMICS SL	B27740893	1.500,00 €	14	1.500,00 €
17345/77	MODA DELADOSALODOCE SRL	B27842731	1.500,00 €	9	1.194,04 €
17346/77	ANSELMO CRESPO SUEIRO	*682****Y	1.500,00 €	6	796,03 €
17350/77	TEGESTIONA HISPÁNICA SL	B27865443	299,52 €	11	299,52 €
17351/77	EMITE NETWORKS SL	B27706332	1.258,20 €	5	663,35 €
17352/77	AUREATIC SLL	B27782325	1.500,00 €	7	928,70 €
17353/77	GUSTAVO BASTOS BAO	**128**3*	374,40 €	4	374,40 €
17354/77	ESQUÍO INGENIERÍA SL	B27752641	748,80 €	5	663,35 €
17355/77	MARÍA LÓPEZ MUÍÑA	361*****1C	720,00 €	4	530,68 €

...”

II. Examinado o acordo pola Intervención Xeral Municipal, antes de proceder a elaborar os documentos contables correspondentes, devolve o expediente para a súa emenda ante os erros de mecanización detectados na parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local do 12/03/2021.

O concelleiro delegado de Cultura e Emprego, con data do 17/11/2020 e do 03/02/2021 resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base 12ª, apartado 3, que segundo consta en acta de data 23-04-21 incorporada ao expediente procedeu á emenda e valoración dos erros advertidos,

Logo de examinar o acordo adoptado do 12/03/2021 para o outorgamento destas axudas detectase a falta de correspondencia dos datos económicos da subvención a conceder contidos no informe cos datos mecanizados na parte dispositiva polo que procede a súa revisión.

III. O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego ao revisar os expedientes de xustificación e pago das subvencións concedidas detectouse un erro en relación co expediente de solicitude núm. 17331/77, a nome da entidade CATRO VENTOS EDITORA S.COOP.GALEGA co NIF: F27768563, xa que, segundo consta na documentación obrante no expediente, o importe solicitado pola sociedade é de 120,00 € e non de 1.200,00 €, como figura no baremo e na acta da co-

misión de valoración, na proposta de resolución e no conseguinte acordo da Xunta de Goberno Local. Asemade o importe de subvención concedido no dito acordo é de 925,70 €, excedendo, polo tanto, do importe solicitado.

Tras a corrección do importe solicitado (120,00 €, en vez de 1.200,00 €) na táboa de Baremo se comproba, mediante a aplicación das fórmulas de cálculo automático que incorpora a dita táboa e sen que sexa necesario realizar ningunha operación aritmética de cálculo ou de avaliación, que o importe da subvención a outorgar a CATRO VENTOS EDITORA S.COOP.GALEGA (CIF: F27768563), no primeiro reparto, atendendo á puntuación obtida pola solicitante (7 puntos) debera ser de 120,00 €, e non de 925,70 €.

IV. Con data do 24/03/2021 Alejandro Fernández Alfageme co NIF 3608*****, expediente núm. 18084/77, presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 12/03/2021 polo que se lle denegou a subvención.

No recurso presentado alega “ ... aporto la siguiente documentación donde intentaré confirmar que mi domicilio fiscal en en Vigo y no en Oia como la resolución dice.

Para ello aporto certificado censal emitido por el Concello de Vigo, donde tanto Código Postal como dirección, indican que mi vivienda habitual, se encuentran en el Concello de Vigo (Parroquia de Oia) y no en el Concello de Oia, cuyo código postal es el 36794.

Además también aporto el modelo 037 emitido por AEAT donde efectivamente , y por error en los sistemas informáticos de AEAT, al poner el código postal 36390 aparece la parroquia de OIA en vez del Concello de Vigo. En todo caso en el documento número 3 aporto los datos que aparecen en la web de AEAT, confirmando que mi domicilio fiscal es efectivamente en Vigo.

Revisado o expediente 18084/77 e o expediente 17356/77 de solicitude de subvencións a nome de Alejandro Fernández Alfageme co NIF 3608***** a documentación presentada acredita a improcedencia do motivo da desestimación da súa solicitude por causa de enderezo fiscal distinto ao municipio de Vigo polo que se procede ao cálculo da súa puntuación de baremo e da correspondente contía da axuda.

Xa que logo, procede unha puntuación de baremo de 6 puntos e outorgar unha axuda por importe de 795,90€ conforme á proposta económica que se achega no expediente.

V. Con data do 07/04/2021 Juan Manuel Fernández Collazo co NIF 76****58A, expediente núm. 18134/77, presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 12/03/2021 polo que se lle denegou a subvención.

No recurso presentado alega “ ... 3.- En lo relativo a las deudas con la AEAT estas nunca han existido, no existe ninguna comunicación por parte de la administración relativo a una deuda pendiente de pago en periodo ejecutivo. Probablemente se debiese a algún aplazamiento no vencido que la administración considera como no pagado debido al retardo de información suministrada por la entidad bancaria desde el momento del vencimiento del pago, que siempre es cargado en cuenta y, el momento en que la AEAT recibe la comunicación del abono del mismo. Puede ser debido a una sanción por una declaración complementaria de IVA cuya carta de pago se emitió el 18/02/2021 y por lo tanto se encontraba en periodo voluntario de pago, no pudiendo ser considerada como deuda hasta finalizar dicho periodo voluntario de pago, el cual finalizaba el 5/04/2021. Dicha deuda fue pagada el 15/03/2021. (Se adjunta comunicación y carta de pago)

4.- Sobre las deudas con el Concello de Vigo nunca he tenido notificación de deuda alguna. Con fecha 15/03/2021 cuando entro en la sede electrónica del Concello de Vigo me entero de que existe una deuda de tráfico, la cual procedo a abonar inmediatamente. (Se adjunta carta de pago).”



Concello de Vigo

Revisado o expediente 18134/77 e o expediente 17322/77 de solicitude de subvencións a nome de Juan Manuel Fernández Collazo co NIF 76****58A a documentación presentada non acredita a improcedencia do motivo da desestimación da súa solicitude por causa de débeda co Concello de Vigo xa que segundo a documentación achegada no recurso procedeu ao abono desta débeda con data do 15/03/2021 posterior á data do 12/03/2021 do acordo adoptado da Xunta do Goberno Local.

Por outro lado, de conformidade co artigo 118.1 da Lei 39/2015: “... *Non se terán en conta na resolución dos recursos, feitos, documentos ou alegacións do recurrente, cando habendo podido aportalos no trámite de alegacións non o fixo. Tampouco poderá solicitarse a práctica de probas cando a súa falta de realización no procedemento no que se ditó a resolución recorrida fose imputable ao interesado.*” Deste xeito, o recurrente debería aportar a documentación necesaria que acreditase a súa situación específica fronte á AEAT polo que tampouco procede a estimación do seu recurso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Así mesmo, o artigo 17 da Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia dispón que o importe das subvencións non poderá ser de tal contía que supere o custe da actividade subvencionada, en ningún caso,

Por último e, en liña co anterior, segundo o previsto na Base 4ª reguladora das axudas, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/05/2020 (BOP núm. 95, do 20 de maio de 2020) o importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo do alugueiro subvencionado.

Revisado o expediente de solicitude núm. 17331/77, a nome da entidade CATRO VENTOS EDITORA S.COOP.GALEGA co NIF: F27768563 se procede a corrixir o erro material e rectificar o importe da subvención solicitada (120,00 € no canto de 1.200,00 €) e minorar o importe da subvención concedida (120,00 € no canto de 925,70 €) .

Segundo a Base 2ª.1 establécese que as empresas solicitantes “... *teñan a súa sede fiscal e social no termo municipal de Vigo, ambas con data anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.*”

A Base 12ª.9 establece “*Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes...*”

Revisado o expediente 18084/77 relativo ao recurso de reposición presentado por Alejandro Fernández Alfageme co NIF 3608***** e o correspondente expediente 17356/77 de solicitude de subvencións a documentación achegada acredita a improcedencia do motivo da desestimación da súa solicitude por causa de enderezo fiscal distinto ao municipio de Vigo polo que se procede ao cálculo da súa puntuación de baremo e da correspondente contía da axuda.

Xa que logo, procede unha puntuación de baremo de 6 puntos e outorgar unha axuda por importe de 795,90€ conforme á proposta económica que se achega no expediente.

A tenor do artigo 118 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común relativo a Audiencia dos interesados:

1. Cando haxan de terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, poñeranse de manifesto aos interesados para que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Non se terán en conta na resolución dos recursos, feitos, documentos ou alegacións do recurrente, cando habendo podido aportalos no trámite de alegacións non o fixo. Tampouco poderá solicitarse a práctica de probas cando a súa falta de realización no procedemento no que se ditó a resolución recorrida fose imputable ao interesado.

2. Si houber outros interesados daráselles, en todo caso, traslado do recurso para que no prazo antes citado, aleguen canto estimen procedente.

3. O recurso, os informes e as propostas non teñen o carácter de documentos novos aos efectos deste artigo. Tampouco o terán os que os interesados aporten ao expediente antes de recaer a resolución impugnada.

Revisado o expediente 18134/77 e o expediente 17322/77 de solicitude de subvencións a nome de Juan Manuel Fernández Collazo co NIF 76****58A a documentación presentada non acredita a improcedencia do motivo da desestimación da súa solicitude por causa de débeda coa AEAT e co Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 118.1 da Lei 39/2015 o recurrente tería que aportar a documentación necesaria que acreditase a súa situación específica fronte á AEAT para a súa consideración; no relativo a súa débeda co concello, segundo a documentación achegada no recurso procedeu ao abono desta débeda con data do 15/03/2021 posterior á data do 12/03/2021 do acordo adoptado da Xunta do Goberno Local. Xa que logo, non procede estimar o recurso de reposición presentado.

Polas consideracións expostas, segundo acta da Comisión de Valoración do 23/04/2021 se procedeu á revisión do cálculo das contías a conceder de todas as beneficiarias e, de conformidade coa Base 12ª do procedemento, resulta a seguinte distribución económica das solicitudes avaliadas de conformidade coa Base 10ª:

- Súmase o total de puntos das solicitudes baremadas sendo o resultado de 332 puntos. Divídese o crédito orzamentario de 35.000,00€ entre o valor total de puntos obtido para obter o valor económico do punto de 105,42€.

- Para o primeiro reparto, procédese á multiplicación do valor económico do punto de 105,42€ polos puntos de baremo obtidos por cada entidade. Se o valor acadado é inferior á cantidade solicitada pola entidade a cantidade inicial a conceder será a obtida nesa operación. Se o valor acadado é superior á cantidade solicitada pola entidade a cantidade a conceder será a solicitada.

Como varias entidades acadan o valor da contía solicitada queda un crédito de 4.235,02€ pendentes de repartir e procede un 2º reparto.

- No 2º reparto se divide a contía de 4.235,02€ pendentes de reparto entre a suma dos 187 puntos de baremo das entidades que non acadaron o valor da cantidade solicitada para obter o novo valor económico do punto e proceder como no reparto anterior.



Concello de Vigo

- Realizáronse en total 3 axustes para repartir a totalidade da partida orzamentaria de 35.000,00€ ademais de proceder ao redondeo dalgunha das contías a conceder para acadar a cantidade exacta.

Expdte.	NOME ENTIDADE	NIF	Cantidade Solicitada	BAREMO (Total)	Cantidade de 1º axuste	Cantidade 2º axuste	Cantidade 3º axuste	SUBVENCIÓN A CONCEDER
17301/77	BREOGAN PÉREZ GONZÁLEZ	36****4*S	532,00 €	4	421,69 €	512,28 €	530,60 €	530,60 €
17302/77	MAREMAL AGENCIA CONSULTORÍA INNOVACIÓN SLL	B27869270	900,00 €	8	843,37 €	900,00 €	900,00 €	900,00 €
17303/77	JAVIER PEGO MARTÍNEZ	35***94**	646,00 €	9	646,00 €	646,00 €	646,00 €	646,00 €
17306/77	MARINA BELLOCH VILLASANTE	***9344**	720,00 €	4	421,69 €	512,28 €	530,60 €	530,60 €
17307/77	BEATRIZ LOSADA BOBILLO	3***41**H	720,00 €	4	421,69 €	512,28 €	530,60 €	530,60 €
17308/77	DOSVALOR JH SL	B36766483	1.500,00 €	10	1.054,22 €	1.280,69 €	1.326,50 €	1.326,50 €
17310/77	DOSVALOR CONSULTORÍA SL	B27862424	880,00 €	9	880,00 €	880,00 €	880,00 €	880,00 €
17311/77	REAL ESTATE SERVICING SL	B27766120	1.500,00 €	17	1.500,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €
17312/77	MARÍA DEL CARMEN POYAN RASILLA	**295***K	1.500,00 €	9	948,80 €	1.152,62 €	1.193,85 €	1.193,84 €
17313/77	ANDRÉS FONTÁN CORTÉS	3*16***Q	180,00 €	6	180,00 €	180,00 €	180,00 €	180,00 €
17317/77	FERNANDO MIGUEL PÉREZ IGLESIAS	3*117****	1.080,00 €	9	948,80 €	1.080,00 €	1.080,00 €	1.080,00 €
17318/77	A TROITA DE PÉ, DES. E COMUN. CB	E27833755	1.200,00 €	9	948,80 €	1.152,62 €	1.193,85 €	1.193,84 €
17319/77	A MOVIDA CULTURAL SLL	B27857366	1.500,00 €	10	1.054,22 €	1.280,69 €	1.326,50 €	1.326,50 €
17320/77	ZELTIA SA DE JUAN	3**05***H	720,00 €	9	720,00 €	720,00 €	720,00 €	720,00 €
17321/77	SOFÍA CAMACHO CAMBEIRO	***413*0V	1.500,00 €	9	948,80 €	1.152,62 €	1.193,85 €	1.193,84 €
17323/77	MARÍA ESTHER MONTES PÉREZ	***584**F	939,60 €	9	939,60 €	939,60 €	939,60 €	939,60 €
17324/77	MARÍA DE LAS MERCEDES PRADOS COSTOYA	36*78****	939,60 €	9	939,60 €	939,60 €	939,60 €	939,60 €
17325/77	ALEJANDRO MARCOS GUERRERO	3*108****	1.008,00 €	9	948,80 €	1.008,00 €	1.008,00 €	1.008,00 €
17326/77	ANTONIO GUTIÉRREZ PEREIRA	36**40*0*0*	1.008,00 €	9	948,80 €	1.008,00 €	1.008,00 €	1.008,00 €
17327/77	O CABLE INGLÉS S. COOP. GALEGA	F27768563	177,60 €	12	177,60 €	177,60 €	177,60 €	177,60 €
17328/77	XABIER FERREIRO PRADO	3609****	1.500,00 €	9	948,80 €	1.152,62 €	1.193,85 €	1.193,84 €
17329/77	GUSTAVO IVÁN GARCÍA MARTÍNEZ	**195***3K	600,00 €	6	600,00 €	600,00 €	600,00 €	600,00 €
17330/77	EMOTIVE NEURMARKETING TECHNOLOGIES SL	B27836188	984,00 €	9	948,80 €	984,00 €	984,00 €	984,00 €
17331/77	CATRO VENTOS EDITORA S.COOP.-GALEGA	F27768563	120,00 €	7	120,00 €	120,00 €	120,00 €	120,00 €
17332/77	JOSÉ ANTONIO NOGUEIRAS GONZÁLEZ	3*****52K	374,40 €	4	374,40 €	374,40 €	374,40 €	374,40 €
17333/77	DAVID VÁZQUEZ GARCÍA	**482***N	1.494,70 €	9	948,80 €	1.152,62 €	1.193,85 €	1.193,84 €
17334/77	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL SL	B36917201	1.080,00 €	11	1.080,00 €	1.080,00 €	1.080,00 €	1.080,00 €
17335/77	MARÍA DEL CARMEN ALONSO ALBO	3605****	1.500,00 €	9	948,80 €	1.152,62 €	1.193,85 €	1.193,84 €
17336/77	NURIA LÓPEZ GONZÁLEZ	****677J	720,00 €	8	720,00 €	720,00 €	720,00 €	720,00 €
17338/77	AVANSUM SL	B27832120	1.500,00 €	5	527,11 €	640,34 €	663,25 €	663,25 €
17339/77	CFSO BY THE WAY SL	B27877620	1.500,00 €	6	632,53 €	768,41 €	795,90 €	795,90 €
17340/77	PATRICIA DÍAZ FERNÁNDEZ	3****61*B	715,00 €	4	421,69 €	512,28 €	530,60 €	530,60 €
17342/77	MICATON ERGONOMICS SL	B27740893	1.500,00 €	14	1.500,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €

17345/77	MODA DELADOSALODOCE SRLL	B27842731	1.500,00 €	9	948,80 €	1.152,62 €	1.193,85 €	1.193,84 €
17346/77	ANSELMO CRESPO SUEIRO	*682****Y	1.500,00 €	6	632,53 €	768,41 €	795,90 €	795,90 €
17350/77	TEGESTIONA HISPÁNICA SL	B27865443	299,52 €	11	299,52 €	299,52 €	299,52 €	299,52 €
17351/77	EMITE NETWORKS SL	B27706332	1.258,20 €	5	527,11 €	640,34 €	663,25 €	663,25 €
17352/77	AUREATIC SLL	B27782325	1.500,00 €	7	737,95 €	896,48 €	928,55 €	928,55 €
17353/77	GUSTAVO BASTOS BAO	**128**3*	374,40 €	4	374,40 €	374,40 €	374,40 €	374,40 €
17354/77	ESQUÍO INGENIERÍA SL	B27752641	748,80 €	5	527,11 €	640,34 €	663,25 €	663,25 €
17355/77	MARÍA LÓPEZ MUIÑA	361****1C	720,00 €	4	421,69 €	512,28 €	530,60 €	530,60 €
17356/77	ALEJANDRO HERNÁNDEZ ALFAGEME	3608****	1.008,00 €	6	632,53 €	768,41 €	795,90 €	795,90 €

					35.000,06 €	
41.647,82 €	332	30.764,98 €	34.344,97 €	35.000,00 €	35.000,00 €	

CONTÍA AXUDA:	35.000,00 €	Contía a repartir 2º axuste:	4.235,02 €	Contía a repartir 3º axuste:	655,03 €
Total puntos 1º axuste:	332	Total puntos 2º axuste:	187	Total puntos 3º axuste:	143
Valor punto 1º axuste:	105,42 €	Valor punto 2º axuste:	22,65 €	Valor punto 3º axuste:	4,58 €

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

A teor do establecido nas bases reguladoras da subvención, do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, dos artigos 17 e 23 da Lei de Subvencións de Galicia e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e posterior 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: RECTIFICAR o erro material existente no apartado segundo do acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/03/2021, polo que se aprobou o "OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (Expediente núm. 17262/77)", no importe da subvención solicitada por CATRO VENTOS EDITORA S.COOP.GALEGA (CIF: F27768563), e da subvención concedida á dita sociedade, atendendo á documentación obrante no expediente núm. 17331/77, de xeito que, onde di:



Concello de Vigo

Nº Expte.	NOME ENTIDADE	NIF	Cantidade Solicitada	BAREMO (Total)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
17331/77	CATRO VENTOS EDITORA S.COOP.GALEGA	F27768563	1.200,00 €	7	928,70 €

Deberá dicir:

Nº Expte.	NOME ENTIDADE	NIF	Cantidade Solicitada	BAREMO (Total)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
17331/77	CATRO VENTOS EDITORA S.COOP.GALEGA	F27768563	120,00 €	7	120,00 €

SEGUNDO: ESTIMAR o recurso de reposición presentado, dentro do prazo establecido ao efecto, por Alejandro Fernández Alfageme co NIF 3608****, expediente núm. 18084/77 contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 12/03/2021 ao acreditar a improcedencia do motivo da desestimación da súa solicitude por causa de enderezo fiscal distinto ao municipio de Vigo polo que cunha puntuación de 6 puntos de baremo procede outorgar unha axuda por importe de **795,90€**.

TERCEIRO: DESESTIMAR o recurso de reposición presentado, dentro do prazo establecido ao efecto, por Juan Manuel Fernández Collazo co NIF 76****58A, expediente núm. 18134/77 contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 12/03/2021 ao non acreditar a improcedencia do motivo da desestimación da súa solicitude por causa de débeda coa AEAT e co Concello de Vigo.

CUARTO: MODIFICAR, de conformidade cos fundamentos de feito e de dereito anteriormente expostos, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 12/03/2021 de outorgamento das Subvencións para o Fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do Traballo Colaborativo e CONCEDER o gasto de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás persoas emprendedoras e micropemes que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida orzamentaria 2410 4700004 "EMPRENDEMENTO E CONSOL. EMPRESARIAL T. COLABOR" do vixente exercicio orzamentario, por importe de 35.000,00 € (trinta e cinco mil euros) para as solicitudes segundo os criterios de avaliación e polos importes calculados, segundo o cadro seguinte:

Expte.	NOME ENTIDADE	NIF	Cantidade Solicitada	BAREMO (Total)	SUBVENCIÓN A CONCEDER
17301/77	BREOGAN PÉREZ GONZÁLEZ	36****4*S	532,00 €	4	530,60 €
17302/77	MAREMAL AGENCIA CONSULTORÍA INNOVACIÓN SLL	B27869270	900,00 €	8	900,00 €
17303/77	JAVIER PEGO MARTÍNEZ	35***94**	646,00 €	9	646,00 €
17306/77	MARINA BELLOCH VILLASANTE	***9344**	720,00 €	4	530,60 €
17307/77	BEATRIZ LOSADA BOBILLO	3***41**H	720,00 €	4	530,60 €
17308/77	DOSVALOR JH SL	B36766483	1.500,00 €	10	1.326,50 €

Expte.	NOME ENTIDADE	NIF	Cantidad Solicitada	BAREMO (Total)	SUBVENCIÓN A CONCEDER
17310/77	DOSVALOR CONSULTORÍA SL	B27862424	880,00 €	9	880,00 €
17311/77	REAL ESTATE SERVICING SL	B27766120	1.500,00 €	17	1.500,00 €
17312/77	MARÍA DEL CARMEN POYAN RASILLA	**295***K	1.500,00 €	9	1.193,84 €
17313/77	ANDRÉS FONTÁN CORTÉS	3*16****Q	180,00 €	6	180,00 €
17317/77	FERNANDO M IGUEL PÉREZ IGLESIAS	3*117****	1.080,00 €	9	1.080,00 €
17318/77	A TROITA DE PÉ, DES. E COMUN. CB	E27833755	1.200,00 €	9	1.193,84 €
17319/77	A MOVIDA CULTURAL SLL	B27857366	1.500,00 €	10	1.326,50 €
17320/77	ZELTIA SA DE JUAN	3**05***H	720,00 €	9	720,00 €
17321/77	SOFÍA CAMACHO CAMBEIRO	***413*0V	1.500,00 €	9	1.193,84 €
17323/77	MARÍA ESTHER MONTES PÉREZ	***584**F	939,60 €	9	939,60 €
17324/77	MARÍA DE LAS MERCEDES PRADOS COSTOYA	36*78****	939,60 €	9	939,60 €
17325/77	ALEJANDRO MARCOS GUERRERO	3*108****	1.008,00 €	9	1.008,00 €
17326/77	ANTONIO GUTIÉRREZ PEREIRA	36**40*0*0*	1.008,00 €	9	1.008,00 €
17327/77	O CABLE INGLÉS S. COOP. GALEGA	F27768563	177,60 €	12	177,60 €
17328/77	XABIER FERREIRO PRADO	3609****	1.500,00 €	9	1.193,84 €
17329/77	GUSTAVO IVÁN GARCÍA MARTÍNEZ	**195***3K	600,00 €	6	600,00 €
17330/77	EMOTIVE NEURMARKETING TECHNOLOGIES SL	B27836188	984,00 €	9	984,00 €
17331/77	CATRO VENTOS EDITORA S.COOP.GALEGA	F27768563	120,00 €	7	120,00 €
17332/77	JOSÉ ANTONIO NOGUEIRAS GONZÁLEZ	3*****52K	374,40 €	4	374,40 €
17333/77	DAVID VÁZQUEZ GARCÍA	**482***N	1.494,70 €	9	1.193,84 €
17334/77	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL SL	B36917201	1.080,00 €	11	1.080,00 €
17335/77	MARÍA DEL CARMEN ALONSO ALBO	3605****	1.500,00 €	9	1.193,84 €
17336/77	NURIA LÓPEZ GONZÁLEZ	*****677J	720,00 €	8	720,00 €
17338/77	AVANSUM SL	B27832120	1.500,00 €	5	663,25 €
17339/77	CFISO BY THE WAY SL	B27877620	1.500,00 €	6	795,90 €



Concello de Vigo

Expd-te.	NOME ENTIDADE	NIF	Cantidade Solicitada	BAREMO (Total)	SUBVENCIÓN A CONCEDER
17340/ 77	PATRICIA DÍAZ FERNÁNDEZ	3****61*B	715,00 €	4	530,60 €
17342/ 77	MICATON ERGONOMICS SL	B27740893	1.500,00 €	14	1.500,00 €
17345/ 77	MODA DELADOSALODOCE SRLL	B27842731	1.500,00 €	9	1.193,84 €
17346/ 77	ANSELMO CRESPO SUEIRO	*682****Y	1.500,00 €	6	795,90 €
17350/ 77	TEGESTIONA HISPÁNICA SL	B27865443	299,52 €	11	299,52 €
17351/ 77	EMITE NETWORKS SL	B27706332	1.258,20 €	5	663,25 €
17352/ 77	AUREATIC SLL	B27782325	1.500,00 €	7	928,55 €
17353/ 77	GUSTAVO BASTOS BAO	**128**3*	374,40 €	4	374,40 €
17354/ 77	ESQUÍO INGENIERÍA SL	B27752641	748,80 €	5	663,25 €
17355/ 77	MARÍA LÓPEZ MUIÑA	361****1C	720,00 €	4	530,60 €
17356/ 77	ALEJANDRO HERNÁNDEZ ALFAGEME	3608****	1.008,00 €	6	795,90 €

QUINTO: PUBLICAR na Base de Datos Nacional de Subvencións a subvención concedida, individualmente considerada, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

SEXTO: NOTIFICAR o presente acordo nos termos establecidos nos art. 24 da LSG, art. 40 e 41 da LPAC e Base Reguladora 12ª.9, con indicación expresa de que dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, enténdese tácitamente aceptada.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(464).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL ADVERTIDO NO IMPORTE DAS DIETAS POR ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI. EXPTE. 18060/77.

Dáse conta do informe-proposta do 19/05/21, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Examinado o procedemento administrativo número 18060/77, de PAGO DE DIETAS POR ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-BENEFICIARIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI, comprobouse o seguinte erro material:

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 6 de maio de 2021, acordou a seguinte proposta:

1. Comprometer o gasto de **887,20 €**, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria **2410.2330000** de "Dietas tribunais".
2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias á Comisión de selección do EQUIPO DIRECTIVO (expertos/as docentes, director/a, titor/a e persoal administrativo) do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VI:

Comisión de selección :

Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Asistencias	Dietas	
			Nº días	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Presidenta.	77597****	Carla Candia Paz	3	45,89 €	137,67 €
Secretaria	****8186J	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	3	45,89 €	137,67 €
TOTAL PRESIDENTA/SECRET.			6	91,78 €	275,34 €
Vogal	76965****	Rosa Mª Otero Malvarez	3	42,83 €	128,49 €
TOTAL VOGAIS			3	42,83 €	128,49 €

Asesores/as técnicos/as:

Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Asistencias	Dietas	
			Nº días	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Asesora especialista	****6223P	Sonia María Martínez Alonso	3	42,83 €	128,49 €
Asesora especialista	36096****	Ana Mouriz Martínez	1	45,89 €	45,89 €
TOTAL ASESORES			4	88,72 €	174,38 €

II. Nembargantes, advírtese un erro no punto 1., tanto na parte explicativa como na proposta do Acordo, referido ao importe comprometido para o gasto, de 887,20 €, en lugar de 578,21 € que suman o total dos pagos de dietas especificados, de forma correcta, nos cadros do punto 2.



Concello de Vigo

Tamén hai outro erro cando denomina á Comisión de selección do EQUIPO DIRECTIVO (expertos/as docentes, director/a, titor/a e persoal administrativo), cando é a Comisión de selección do ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI.

III. A presente modificación non require de novo informe da Intervención Xeral Municipal por tratarse dunha mera corrección de erro material na transcripción do gasto total comprometido que non é de 887,20 €, senon un total de **578,21 €**, tal e como xa se informou o pasado 22/06/2021.

Polo exposto, **PROCEDE A RECTIFICACIÓN**, ao abeiro do artigo 109.2. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, o erro material observado no punto 1., tanto na parte expositiva como na proposta do Acordo, referido ao importe comprometido para o gasto, de 887,20 €, en lugar de **578,21 €** que suman o total dos pagos de dietas especificado, de forma correcta, nos cadros do punto 2.; e tamén da comisión de selección que se denomina do EQUIPO DIRECTIVO (expertos/as docentes, director/a, titor/a e persoal administrativo), cando é a Comisión de selección do ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI.. Polo exposto, a **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, queda redactada co seguinte acordo:

ÚNICO: Corrixir o erro material advertido no punto 1., tanto na parte expositiva como na proposta do Acordo, referido ao importe comprometido para o gasto por concepto de dietas de asistencia á selección do ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI, e na denominación da Comisión de selección do ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI, co seguinte tenor literal:

1. Comprometer o gasto de **578,21 €**, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria **2410.2330000** de "Dietas tribunais".

2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias á Comisión de selección do ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI:

Comisión de selección :

Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Asistencias		Dietas	
			Nº días	Importe Categoría 3ª	TOTAL	
Presidenta.	77597****	Carla Candia Paz	3	45,89 €	137,67 €	
Secretaria	****8186J	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	3	45,89 €	137,67 €	
		TOTAL PRESIDENTA/SECRET.	6	91,78 €	275,34 €	
Vogal	76965****	Rosa Mª Otero Malvarez	3	42,83 €	128,49 €	
		TOTAL VOGAIS	3	42,83 €	128,49 €	

Asesores/las técnicos/las:

Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Asistencias		Dietas	
			Nº días	Importe Categoría 3ª	TOTAL	
Asesora especialista	****6223P	Sonia María Martínez Alonso	3	42,83 €	128,49 €	
Asesora especialista	36096****	Ana Mouriz Martínez	1	45,89 €	45,89 €	
		TOTAL ASESORES	4	88,72 €	174,38 €	

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(465).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA A RESOLUCIÓN DO OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2020. EXPTE. 17976/77.

Visto o informe de fiscalización do 24/05/21, dáse conta do informe-proposta do 26/05/21, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020.

ANTECEDENTES

Con data do 23.09.2020 e núm. de rexistro 20172548 Roscelys Melo Torrealba co NIF *****142B presentou solicitude de Axuda Municipal á Creación de Empresas do ano 2020.

Con data do 08.10.2020 e núm. de rexistro 200172563, con data do 19.10.2020 e núm. de rexistro 200172570, con data do 19.10.2020 e núm. de rexistro 200172573 e con data do 13.11.2020 e núm. de rexistro 200173692 Roscelys Melo Torrealba co NIF *****142B achega outra documentación necesaria para completar o expediente 17594/77 de solicitude.



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 10.12.2020, acordou denegarlle a axuda por non cumprir co requisito de que a empresa teña o enderezo fiscal en Vigo.

De conformidade coa Base 5ª relativa á Concesión das axudas e tramitación do pagamento, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020, con data do 10.12.2020 publicouse no taboleiro de editos e na páxina web www.vigo.org do Concello de Vigo a resolución relativa ao outorgamento desta axuda.

Con data do 11.01.2021 Roscelys Melo Torrealba co NIF *****142B presentou os documentos co núm. de rexistro 210003644 e núm. de rexistro 210003647 (que repite o contido do documento anterior), dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 10.12.2020 pola que se lle denegou a subvención.

No recurso presentado a representante da empresa manifesta a desconformidade coa resolución e solicita admitir o dito recurso e a concesión da axuda baseado nas seguintes alegacións:

“PRIMERO Somos una empresa de reciente creación en la ciudad de Vigo especialmente castigada por las consecuencias del COVID 19 al pertenecer al sector de la hostelería. Somos creadoras de empleo que hemos mantenido desde el primer momento del estado de alarma a pesar de las restricciones y de los cierres obligatorios. Entendemos que como la FINALIDAD es ayudar a los nuevos proyectos especialmente afectados por la COVID 19 necesitamos esta ayuda para poder seguir abiertos al no poder haber accedido a otro tipo de ayudas.

Una denegación podría suponer el cierre de nuestro negocio al no poder hacer frente a los gastos fijos así como la pérdida de dos empleos fijos a mayores.

SEGUNDO : Mediante la documentación aportada podemos demostrar el domicilio fiscal es en Vigo debidamente comunicado con carácter retroactivo a la AEAT y que es anterior a la solicitud de la misma.

Por todo ello SOLICITAMOS se tengan en cuenta todas las ALEGACIONES anteriores y se considere que cumplimos todos los requisitos necesarios para la concesión de la ayuda así como la necesidad de la misma para poder seguir con la actividad de la misma.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2020 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, expediente 17467/77, establecen:

- Na Base 1.1 Obxecto: *“A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2020 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Empresas, no ámbito do Concello de Vigo, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais e contribuir á reactivación da actividade empresarial e do emprego como consecuencia das secuelas derivadas da crise económica xerada polo COVID-19.”*

- Na Base 1.3 Requisitos, apartado 1: *“Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.”*
- Na Base 4.2 Documentación: *“Os solicitantes achegarán xunto coa súa solicitude a documentación que se indica a continuación: ...**Certificado de Situación Censal actualizado que indique a actividade económica coa data de alta, domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade ou documento equivalente ...**”*
- na Base 5ª Concesión das axudas e tramitación do pagamento: *“Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contarase a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.”*
- Na Base 11ª. Disposición final: *“O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.”*

O artigo 118.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), establece que non se terán en conta na resolución dos recursos, feitos, documentos ou alegacións do recorrente, cando tendo podido achegalos no trámite de alegacións non o fixese.

Revisado o expediente 17594/77 a nome de Roscelys Melo Torrealba co NIF *****142B de solicitude da axuda e ao abeiro do disposto nas antecitadas bases, faise constar:

- No documento 20172548 a solicitante achega Certificado de Situación Censal de data 18/09/2020 que no apartado de “Identificación” consta o seu domicilio fiscal en Lalín. O dito certificado especifica *“La presente certificación será válida y surtirá efectos mientras no se modifiquen las circunstancias determinantes de su contenido.”*

No documento 200172570 a solicitante presenta un certificado da AEAT do 18/09/2020 co mesmo domicilio fiscal en Lalín.

Xa que logo, a documentación presentada na solicitude previo á resolución do outorgamento destas axudas incumpre a Base 1.3.1 por non acreditar o seu enderezo fiscal en Vigo.

- A solicitante comunica o cambio de domicilio fiscal por medio do Modelo 036 presentado con data do 07/01/2021 na AEAT e que presenta xunto co Recurso de Reposición contido no documento núm. 210003644 e no documento núm. 210003647 de data de rexistro do 11/01/2021.

Xa que logo, incumpre a Base 1.7 ao presentar esta comunicación con posterioridade á data de resolución do outorgamento destas axudas.

- Tal e como reflicte a Base 1.1 Obxecto a finalidade desta subvención é contribuir a paliar as secuelas derivadas da crise económica xerada polo COVID-19 pero, de confor-



Concello de Vigo

midade coa Base 11ª o Concello de Vigo non pode responsabilizarse da consecuencia das actuacións a que estea obrigada a solicitante.

De acordo co anterior, cómpre denegar o recurso de reposición presentado por Roscelys Melo Torrealba co NIF *****142B (expte. 17976/77), por canto non desvirtúa a motivación que serviu de base para a súa denegación, non resultando procedente admitir o Modelo 036 da AEAT rexistrado con data do 07/01/2021 posterior á data da resolución do outorgamento desta subvención e conceder a axuda, a tenor do establecido nas bases reguladoras da convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2020 e no artigo 118.1 da LPAC .

Polo anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral municipal, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Denegar o recurso de reposición presentado por Roscelys Melo Torrealba co NIF *****142B (expte. 17976/77), por canto non desvirtúa a motivación que serviu de base para a súa denegación, non resultando procedente admitir o Modelo 036 da AEAT rexistrado con data do 07/01/2021 posterior á data da resolución do outorgamento desta subvención e conceder a axuda, a tenor do establecido nas bases reguladoras da convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2020 e no artigo 118.1 da LPAC .

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado en resposta ao recurso de reposición presentado.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(466).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XGL EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS, PARA O EXERCICIO DO ANO 2021 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR351A). EXPTE. 18182/77.

Dáse conta do informe-proposta do 31/05/21, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e polo o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 13 de maio de 2021**, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar as memorias que se achegan no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2021, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I:

- EMAO:
 - “Catalogación do fondo bibliográfico e arquivo historico e difusión e comunicación de contidos da biblioteca pública García Barbón/Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo”
- Vías e Obras:
 - “Mantemento das zonas rurais do Concello de Vigo”
- Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local:
 - “ARQUIVIGO”

SEGUNDO: Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención por importe de **299.953,67 €** para o desenvolvemento das memorias aprobadas, cuxo importe total ascende a **329.303,44€** aplicando o vixente Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007 coas táboas salariais actualizadas co novo SMI, para a realización dun total de **64** contratacións de persoas desempregadas, de xeito que **29.349,77 €** dos custos que exceden no caso do Concello de Vigo aos máximos que se estipulan na Orde correspondente a estas subvencións, se cofinanciarían con cargo aos orzamentos do Concello de Vigo.

TERCEIRO: Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle poidan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.

CUARTO: Delegar no concelleiro de Cultura e Emprego, D. Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

II. Con data 25 de maio de 2021 recíbese requirimento de emenda á solicitude da subvención polo prazo máximo de dez días (TR351A 2021/39-5), requirindo certificación da persoa secretaria da entidade local unha vez subsanados, onde se indica o seguinte respecto á memoria “ARQUIVIGO” do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local: *“No certificado achegado, consta a categoría de topógrafo, que non coincide co solicitado no anexo II”.*

II. O importe salarial das memorias presentadas calculouse en base ao convenio colectivo de aplicación aos traballadores/as desempregados/as que se van contratar para a execución da obra/servizo polo que se solicita a subvención que é o seguinte: **ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007 coas táboas salariais actualizadas co novo SMI**, publicado no BOP Nº 61, de 31/03/2021, e que conforme ao mesmo, o salario a abonar aos traballadores é, en importe mensual, o da seguinte táboa:



Concello de Vigo

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Licenciado	1.839,77	306,63	2.146,40	2.146,40	84/a	32,75	702,95	2.849,34
Diplomado	1.569,64	261,61	1.831,25	1.831,25	84/a	32,75	599,73	2.430,98
Xefe administrativo	1.252,01	208,67	1.460,68	1.460,68	84/a	32,75	478,37	1.939,05
Delineante	1.252,01	208,67	1.460,68	1.460,68	84/-	32,75	478,37	1.939,05
Tecnico PRL	1.252,01	208,67	1.460,68	1.460,68	84/-	32,75	478,37	1.939,05
Capataz-Construción	1.252,01	208,67	1.460,68	1.460,68	84/d	37,80	552,14	2.012,81
Auxiliar topografo	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/-	32,75	407,30	1.650,97
Oficial albanel	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Oficial electricista	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Oficial fontaneiro	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Of. Carpintería aluminio	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Oficial Carpintería metálica	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Of. Desinfección	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/g	37,80	470,11	1.713,77
Of. Carpintería madeira	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Of. Pintor	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Of. mecánica automoción	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Of. xardinaria	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/g	34,70	431,55	1.675,22
Of. conducción	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/f	37,80	470,11	1.713,77
Auxiliar administrativo	958,55	159,76	1.118,31	1.118,31	84/a	32,75	366,25	1.484,55
Peón Xardinaria-Forestal	958,55	159,76	1.118,31	1.118,31	84/g	34,70	388,05	1.506,36
Peón construción	958,55	159,76	1.118,31	1.118,31	84/d	37,80	422,72	1.541,03

IV. Na memoria presentada “Arquívigo” do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e Emprego, para desenvolver o proxecto, establécese a necesidade dos seguintes postos e categorías profesionais:

Categoría	grupo de cotización	Salario mes	Prorrata Paга extra	Importe bruto mes	Importe bruto mes 1/2 jornada	Base de cotización	cnae/Cód. Ocup	% cotización	Cotización de SS empresa	Cotización de SS empresa 1/2 jornada	Custe total estimado	Custe total estimado 1/2 jornada	Nº de contratacións	Importe salarios 6 meses 1/2 jornada	Importe subvención	Importe Cofinanciamento
Diplomada	2	1.569,64 €	261,61 €	1.831,25 €	915,63 €	1.831,25 €	84/a	32,75%	599,73 €	299,87 €	2.430,98 €	1.215,49 €	2	14.585,91 €	13.200,00 €	1.385,91 €
Auxiliar topografo/auxiliar de arquivos	7	1.066,00 €	177,67 €	1.243,67 €	621,84 €	1.243,67 €	84/-	32,75%	407,30 €	203,65 €	1.650,97 €	825,49 €	4	19.811,66 €	19.200,00 €	611,66 €
														34.397,57 €	32.400,00 €	1.997,57 €

- 2 Axudante de Arquivos -Técnico Medio de Arquivos, correspondéndose na táboa coa categoría de Diplomado.
- 4 Auxiliares de Arquivos: correspondéndose na táboa co posto de Auxiliar Topógrafo, existindo correspondencia coa categoría e importes salariais.

Dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal de data 10-05-2021: “A solicitude e obtención dunha subvención polo Concello de Vigo pode ser obxecto de control financeiro permanente posterior pola intervención xeral, se tal actuación resulta incluída no correspondente Plan Anual de Control Financeiro.

Para o caso de que a subvención solicitada fora concedida, unha vez que conste a existencia formal do compromiso firme de achega pola entidade concedente, poderá xerarse crédito no estado de gastos do orzamento vixente ata a contía do compromiso. Neste suposto, trátase dun recurso afectado á realización dun gasto determinado polo que debe de ser obxecto do adecuado control e seguimento contable para garantir o cumprimento das finalidades impostas pola normativa orzamentaria e contable.

Polo exposto esta intervención entende que pode continuarse coa tramitación do expediente.”

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal que obra no expediente e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía de data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS :

ÚNICO: Rectificar, de conformidade coa fundamentación anteriormente exposta, a táboa do proxecto "ARQUIVIGO" do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local incluída no ANEXO I do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 13 de maio de 2021 dacordo co requirimento efectuado pola Consellería de Emprego e Igualdade para reflectir unicamente a categoría de Auxiliar de Arquivos, debendo constar co seguinte tenor literal:

Categoría	grupo de cotización	Salario mes	Prorrata Paga extra	Importe bruto mes	Importe bruto mes 1/2 jornada	Base de cotización	cnae/Cód. Ocup	% cotización	Cotización de SS empresa	Cotización de SS empresa 1/2 jornada	Custe total estimado	Custe total estimado 1/2 jornada	Nº de contratacións	Importe salarios 6 meses 1/2 jornada	Importe subvención	Importe Cofinanciamento
Diplomada	2	1.569,64 €	261,61 €	1.831,25 €	915,63 €	1.831,25 €	84/a	32,75%	599,73 €	299,87 €	2.430,98 €	1.215,49 €	2	14.585,91 €	13.200,00 €	1.385,91 €
Auxiliar de arquivos	7	1.066,00 €	177,67 €	1.243,67 €	621,84 €	1.243,67 €	84/-	32,75%	407,30 €	203,65 €	1.650,97 €	825,49 €	4	19.811,66 €	19.200,00 €	611,66 €
														34.397,57 €	32.400,00 €	1.997,57 €

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

14(467).- PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-6. EXPTE. 10577/224.

Dáse conta do informe-proposta do 26/05/21, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O día 4 de decembro de 2020 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE: **** 9981*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada da súa filla e do seu fillo menores, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-6, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE: **** 9981* e os seus fillos/as, a ocupasen por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de decembro de 2020.

Desde o día 8 de xaneiro de 2021 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 25 de maio de 2021 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a dous meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-6 por un período máximo de dous meses de duración a contar desde o día 8 de xullo de 2021 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 10577/224.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(468).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE CATRO OFICIAIS-CONDUCTORES PARA O SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE. 37640/220

Visto o informe de fiscalización do 27/05/21, dáse conta do informe-proposta do 26/05/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, o xefe do Servizo de Limpeza coa conformidade do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Limpeza, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de 4 oficiais condutores, para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

II.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada competente en materia de persoal, mediante instrución de servizo de data 12/05/2021, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta á Xunta de Goberno Local, de nomeamento interino por acumulación do persoal solicitado, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período de seis meses.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítase informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año



Concello de Vigo

correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmou que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao ,que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.233-oficial condutor/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos



Concello de Vigo

municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica do Xefe do Servizo de Limpeza, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente, considerando a necesidade de acometer os traballos urxentes de limpeza das praias, tendo en conta o plan para a transición cara unha nova normalidade do Goberno de España do pasado 28 de abril de 2020, prevé a apertura das praias para o baño na fase III. Así, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico que consta no expediente (trámite 27) e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de catro oficiais-condutores, para o Servizo de Limpeza, supón un gasto de retribucións de **49.810,32 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **18.710,40 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **68.520,72 €**

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da*

seguridade social.”

V. -Verificación das listas de reserva.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficiais condutores, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

*Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficiais condutores por acumulación de tarefas a, J. B Iglesias Rodriguez con DNI: ****6562**, a B. Vázquez Martínez con DNI: ****2535**, a D. Bernárdez Rodríguez con DNI: ****4796** e a V. Riba Andreu con DNI: 7701**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como oficiais condutores, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período de **seis meses**, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificando nas necesidades do Servizo de Limpeza, contidas no escrito de data de sinatura electrónica.



Concello de Vigo

En consecuencia, autorizar o gasto por importe de **49.810,32 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **18.710,40 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **68.520,72 €**. Elo con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, *como oficiais condutores* a *J. B Iglesias Rodriguez con DNI: ****6562***, a *B. Vázquez Martínez con DNI: ****2535***, a *D. Bernárdez Rodríguez con DNI: ****4796*** e a *V. Riba Andreu con DNI: 7701***, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód.233-oficial condutor/a), sendo adscritos/as ao Servizo de Limpeza, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe do Servizo de limpeza, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(469).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RENOVACIÓN DOS SERVIZOS DA RÚA SEVERINO COBAS, DENDE A RÚA BOUCIÑA ATA A AVDA. RAMÓN NIETO”. EXPTE. 862/441.

Visto o informe xurídico do 26/05/21 e o informe de fiscalización do 28/05/21, dáse conta do informe-proposta do 18/05/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 03.05.2017 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción dun proxecto de humanización da rúa Severino Cobas, dende a rúa Bouciña ata a Avda. Ramón Nieto, a favor da empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. (B36983906).

II.- A Enxeñeira de Camiños Canles e Portos, María Ferreiro Núñez presenta borrador do proxecto “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RENOVACIÓN DOS SERVIZOS DA RÚA SEVERINO COBAS DENDE A RÚA BOUCIÑA ATA A AVDA. RAMON NIETO”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL SETECENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (439.757,12 EUROS) e data Agosto de 2017 e con sinatura dixital de data 23/03/2021.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 23.03.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 24.03.2021 e 25.03.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31.03.2021 aprobou o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RENOVACIÓN DOS SERVIZOS DA RÚA SEVERINO COBAS DENDE A RÚA BOUCIÑA ATA A AVDA. RAMON NIETO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos, María Ferreiro Núñez cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL SETECENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (439.757,12 EUROS) e data Agosto de 2017 e con sinatura dixital de data 23/03/2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os



Concello de Vigo

criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 23.03.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RENOVACIÓN DOS SERVIZOS DA RÚA SEVERINO COBAS DENDE A RÚA BOUCIÑA ATA A AVDA. RAMON NIETO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos, María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 14.05.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL SETECENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON DOCE CÉNTIMOS” (439.757,12 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 76.321,48 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190006 “Plan De Beirarúas En Barrios”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	439.757,12 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(470).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “PROTECCIÓN, ILUMINACIÓN ORNAMENTAL E CUBRICIÓN DO TRANVÍA, DA PRAZA DO EMIGRANTE”. EXPTE. 873/441.

Visto o informe xurídico do 26/05/21 e o informe de fiscalización do 28/05/21, dáse conta do informe-proposta do 26/05/21, asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 14.08.2019 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto da Protección, iluminación ornamental e cubrición do tranvía a favor da empresa CAPITEL Arquitectura Ingeniería e Innovación, S.L..

II.- A empresa CAPITEL Arquitectura Ingeniería e Innovación, S.L., trala fase de supervisión do borrador, presenta proxecto de “PROTECCIÓN, ILUMINACIÓN ORNAMENTAL E CUBRICIÓN DO TRANVÍA, DA PRAZA DO EMIGRANTE” redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO VINTE MIL SETECENTOS SESENTA EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (120.760,46 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 11.05.2020, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 05.11.2020 aprobou o proxecto de “PROTECCIÓN, ILUMINACIÓN ORNAMENTAL E CUBRICIÓN DO TRANVÍA, DA PRAZA DO EMIGRANTE” redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO VINTE MIL SETECENTOS SESENTA EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (120.760,46 €) e con sinatura dixital de data 23.03.2020. (Expte.4595-443).

IV.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 05.11.2020 e que se corresponde co expediente administrativo 4595-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo, de sinatura dixital de data 23.03.2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 14 de abril de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 14 de abril de 2021.



Concello de Vigo

- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 15 de abril de 2021.
- E) Certificado de crédito RC/REM nº 202100038757 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 21 de abril de 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 22 de abril de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 12 de maio de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 12 de maio de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 11.05.2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “PROTECCIÓN, ILUMINACIÓN ORNAMENTAL E CUBRICIÓN DO TRANVÍA, DA PRAZA DO EMIGRANTE”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 12.05.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO VINTE MIL SETECENTOS SESENTA EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (120.760,46 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 20.958,43 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6090058 “Cubrición e protección Tranvía”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	120.760,46 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(471).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE PROTECCIÓN DE MOTORISTAS EN VÍAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 765/441.

Visto o informe xurídico do 28/05/21 e o informe de fiscalización do 31/05/21, dáse conta do informe-proposta do 27/05/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- En datas 22, 25 e 26 de xaneiro de 2021, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnico de Xestión, a Enxeñeira Industrial, o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, tal e como establece o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP).

Neste informe establécese que nas estradas do termo municipal de Vigo, os sistemas de contención para evitar que os vehículos e motocicletas saíanse da calzada están fabricados en dous partes, a parte superior é unha barreira lonxitudinal de aceiro galvanizado que constitúe a defensa propiamente dita e a segunda parte está formada por postes de perfil de aceiro tipo IPN (forma de H) na maior parte da rede, fincado non chan a distancias regulares e que mantén as defensas lonxitudinais unidas entre si mediante parafusos.

Este sistema de protección foi ideado considerando unicamente vehículos a motor de 4 ou máis rodas, sendo válido para aguantar o impacto directo ou indirecto a unhas velocidades determinadas, tentando evitar que o vehículo salga da calzada, e así protexer ao condutor e demais ocupantes do vehículo. Con todo, para un vehículo de 2 rodas como é un ciclomotor, motocicleta o bicicleta non cal o corpo carece de cubículo de protección, é de esperar que este sufra consecuencias fatais ao chocar contra este tipo de proteccións.

Asemade, e en vista do anterior, determínase que é necesario a implantación de medidas e sistemas mais seguros que sirvan para todo tipo de usuarios e cumpran coas novas normativas, pero con especial atención aos motoristas por ser o colectivo máis vulnerable.

II.- Defínense con precisión no devandito informe as necesidades que pretenden cubrirse por medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais.

Constitúe o obxecto do contrato o subministro e instalación de sistemas de contención para protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo, segundo necesidades, debendo quedar instalados e preparados para o seu uso.

III.- Ao abeiro do devandito informe de necesidade e idoneidade, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 e 9 de xullo de 2018 e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación mediante Decreto de data 26 de xaneiro de 2021.

IV.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en datas 22, 25 e 26 de xaneiro de 2021 pola Técnico de Xestión, a Enxeñeira Industrial, o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.

b).- Decreto do segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación de data 26 de xaneiro de 2021 acordando o inicio do expediente de contratación.

c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 09 de abril de 2021.

d).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada pola Técnico de Xestión, a Enxeñeira Industrial, o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario ; e conformada polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza en data 16 de abril de 2021.

e).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 27 de maio de 2021.

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 27 de maio de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 da LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a súa non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP.

Quinto.- Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.



Concello de Vigo

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición adicional 2ª. 4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do **SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE PROTECCIÓN DE MOTORISTAS EN VÍAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.**

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos en data 09 de abril de 2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27 de maio de 2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (350.000,00 €), sendo a partida correspondente ao IVE de SESENTA MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (60.743,80 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 1532.609.00.62 a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(472).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA VALLADOLID”. EXPTE. 880/441.

Visto o informe xurídico do 26/05/21 e o informe de fiscalización do 31/05/21, dáse conta do informe-proposta do 16/05/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 26.05.2020 resolveu autorizar o gasto e o contrato para para redacción do proxecto da humanización da Rúa Valladolid a favor da empresa Galaicontrol S.L..

II.- A empresa Galaicontrol S.L. presenta proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA VALLADOLID", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos M.^a Trinidad López Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (378.250,24 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 05.04.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 06.04.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15.04.2021 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA VALLADOLID", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos M.^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (378.250,24 €) e sinatura dixital de data 31.03.21. (Expte.4798-443).

IV.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 15.04.2021 e que se corresponde co expediente administrativo 4798-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos M.^a Trinidad López Rodríguez de sinatura dixital de data 31.03.2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 19 de abril de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 19 de abril de 2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de abril de 2021.
- E) Certificado de crédito RC/REM nº 202100040537 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 26 de abril de 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 26 de abril de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 14 de maio de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 14 de maio de 2021.



Concello de Vigo

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 05.04.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**HUMANIZACIÓN DA RÚA VALLADOLID**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos M.ª Trinidad López Rodríguez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeirá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 14.05.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (378.250,24 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 65.646,74 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190087 “Humaniz. Valladolid”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	378.250,24 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(473).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE COLABORACIÓN INTEGRAL NA XESTIÓN RECADADORA DO CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE SISTEMAS DE COBRO: PRESENCIAL, AUTOSERVIZO E TELEMÁTICO, ASÍ COMO A PRESTACIÓN DE SERVIZOS BANCARIOS DE PAGOS E APERTURA DUNHA OFICINA INSTITUCIONAL. EXPTE.16026/541.

Visto o informe xurídico do 25/05/21 e o informe de fiscalización do 25/05/21, dáse conta do informe-proposta do 18/05/21, asinado polo tesoureiro municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 15 de abril de 2016, aprobou o Prego de prescricións técnicas e de Cláusulas Administrativas particulares, para a contratación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos bancarios para a colaboración integral na recadación dos ingresos Patrimoniais e de Dereito Público do Concello de Vigo, e de ser o caso, dos seus Organismos Autónomos dependentes, mediante a súa centralización na Entidade Financeira adxudicataria, que actuará como Entidade Financeira Xestora única, así como o modelo tipo de convenio a asinar coas entidades colaboradoras que acepten a condición na oferta que presenten.

2.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión do 5 de agosto de 2016, acordou adxudicar á entidade de depósito ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA, por un prazo de 4 anos para prestar os servizos de colaboración integral na xestión recadadora do Concello de Vigo, prestación de servizos bancarios de pagos e apertura dunha oficina institucional nas dependencias do Concello.

3.- O contrato administrativo formalizouse o 30 de agosto, sendo o prazo de catro anos, contados a partires do 1 de setembro de 2016.



Concello de Vigo

4.- A cláusula CUARTA do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeu a adxudicación do procedemento aberto para a contratación dos servizos bancarios do Concello de Vigo a que nos estamos a referir, dispón que o prazo de duración do contrato será de catro anos contados a partir da data da súa formalización. No entanto, poderá ser obxecto de prórrogas anuais por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, sen que a vixencia total do contrato incluídas as prórrogas poida exceder de seis anos.

O artigo 23.2 e 303 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, norma aplicable a esta prórroga, establece que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario.

O PCAP e o PPT, regula as prórrogas deste contrato, e establecen o procedemento, de tal xeito que si o adxudicatario non tivese intención de proceder á prórroga, deberá comunicalo formalmente ao Concello cunha antelación mínima de SEIS MESES.

Este servizo non ten coñecemento de comunicación algunha por parte da entidade financeira, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA, de denuncia do contrato e polo tanto, de rexeitamento da prórroga do contrato.

Neste caso, o aviso previo é para o contratista fronte a esta administración, que no formulou oposición. En todo caso, ponse en coñecemento do órgano de contratación, que en xuntanza previa ao inicio do ano 2021, si houbo unha vontade de aceptar a prórroga por parte de ABANCA ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA

5.- A Xunta de Goberno en sesión do 5 de agosto de 2016, aceptou as condicións de entidades colaboradoras unha vez que se asine o convenio aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de abril de 2016, ás entidades financeiras seguintes:

- BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.
- BANCO PASTOR, SAU.
- BANCO SANTANDER, S.A.
- BANCO DE SABADELL, SA

Con posterioridade, adheríronse como entidades colaboradoras ao convenio aprobado as seguintes Entidades:

- CAIXABANK, SA.
- IBERCAJA, BANCO, SA.
- NOVO BANCO.
- BBVA.

6. O contrato formalizado coa entidade xestora ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA, tivo o seu vencemento o 31 de agosto do ano 2020.

Con data 2 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, acordou prorrogar o contrato por un ano, sendo o remate da prórroga o 31 de agosto de 2021.

En canto á vixencia dos convenios asinados coas entidades colaboradoras, esta está asociada á do contrato da Entidade Xestora e as súas prórrogas, en consecuencia, os convenios de entidades colaboradoras están condicionados ao prazo do contrato da entidade xestora.

En este sentido, coa prórroga que se acorda en cada caso, comunícase ás entidades colaboradoras.

II.- Fundamentos xurídicos

1.- O réxime xurídico da tesourería das entidades locais atópase regulamentado nos artigos 194 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que dispoñen que constitúen a tesourería das entidades locais todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos, da entidade local, tanto por operacións orzamentarias como extraorzamentarias.

2.- Con respecto ás funcións encomendadas ás tesourerías locais, o artigo 196 da LRFL, establece que son as seguintes:

- Recadar os dereitos e pagar as obrigas.
- Servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
- Distribuír no tempo as dispoñibilidades dinerarias para a puntual satisfacción das obrigacións.
- Responder dos avais contraídos.
- Realizar as demais que se deriven ou relacionen coas anteriormente numeradas.

3.- Pola súa beira, o artigo 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, regula as funcións de tesouraría e recadación, comprendendo as seguintes:

1. Da Tesourería

a) A titularidade e dirección do órgano correspondente da Entidade Local.
b) O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade Local, de conformidade co establecido nas disposicións legais vixentes e, en particular:

1.º A formación dos plans, calendarios e orzamentos de Tesouraría, distribuíndo no tempo as dispoñibilidades dinerarias da Entidade para a puntual satisfacción das súas obrigacións, atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme aos acordos adoptados pola Corporación, que incluírán información relativa á previsión de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.

2.º A organización da custodia de fondos, valores e efectos, de conformidade coas directrices sinaladas pola Presidencia.



Concello de Vigo

3.º A realización dos cobros e os pagos de conformidade co disposto na normativa vixente, o Plan de Disposición de Fondos e as directrices sinaladas pola Presidencia, autorizando xunto co computador de pagos e o interventor os pagos materiais contra as contas bancarias correspondentes.

4.º A subscrición das actas de arqueo.

c) A elaboración dos informes que determine a normativa sobre morosidade relativa ao cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago das obrigacións de cada Entidade Local.

d) A dirección dos servizos de xestión financeira da Entidade Local e a proposta de concertación ou modificación de operacións de endebedamento e a súa xestión de acordo coas directrices dos órganos competentes da Corporación.

e) A elaboración e acreditación do período medio de pago a provedores da Entidade Local, outros datos estatísticos e indicadores de xestión que, en cumprimento da lexislación sobre transparencia e dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, gasto público e morosidade, deban ser fornecidos a outras administracións ou publicados na web ou outros medios de comunicación da Entidade, sempre que se refiran a funcións propias da tesouraría.

2. Da xestión e recadación

a) A xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación.

b) O impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación.

c) A autorización dos pregos de cargo de valores que se entreguen aos recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación, así como a entrega e recepción de valores a outros entes públicos colaboradores na recadación.

d) Ditar a providencia de prema nos expedientes administrativos deste carácter e, en todo caso, resolver os recursos contra a mesma e autorizar a poxa de bens embargados.

e) A tramitación dos expedientes de responsabilidade que procedan na xestión recadadora.

4.- O artigo 14 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, por lo que se aproba o Regulamento xeral de Recadación, establece que os ingresos na Tesouraría pódese facer a través de entidades de crédito que presten servizo de caixa e con entidades colaboradoras, correspondendo esta función aos bancos, caixas de aforro e as cooperativas de crédito.

5.- Para a realización efectiva destas funcións, o artigo 197 do TRLRFL autoriza ás entidades locais a concertar os servizos financeiros da súa tesouraría con entidades de crédito e aforro, mediante a apertura dos seguintes tipos de contas:

- Contas operativas de ingresos e pagos.
- Contas restrinxidas de recadación.
- Contas restrinxidas de pagos.
- Contas financeiras de colocación de excedentes de tesouraría.

6.- Para garantir o cumprimento do previsto no artigo 196 do TRLRFL, o artigo 199 da norma, dispón que as entidades locais poderán concertar, con calquera entidades financeiras, operacións de tesourería para cubrir déficits temporais de liquidez derivados das diferenzas de vencementos dos seus pagos e ingresos. No apartado 2. deste precepto, tamén establece a posibilidade de rendibilizar os excedentes temporais de tesourería mediante investimentos que reúnan as condicións de liquidez e seguridade.

7.- Con carácter xeral, as Tesourerías das Administracións Públicas, e a do Concello de Vigo en particular, debido ó elevado montante dos fondos xestionados e o crecente volume de transaccións realizadas, precisan inescusablemente dos servizos de intermediación prestados polas institucións financeiras, entre outros motivos, polas garantías de fiabilidade, estabilidade, certeza e confianza que ofrecen as transaccións realizadas a través das entidades de depósito fronte á escasa seguridade que ofrecen os movementos de numerario realizados a través das tradicionais caixas de caudais, así como pola facilidade operativa dos instrumentos bancarios de cobro e pago. Ademais do anterior, tendo en conta os procesos de normalización e estandarización que operan nas transaccións pola aplicación dos cadernos e normas da AEB, caderno 34-14 para as transferencias e cheques, así como para todo o sistema de de ingresos (caderno 60, 19-14, 57 e 63), a intermediación das institucións financeiras nos procesos de movementos de cobros e pagos resulta imprescindible, non só para a administración senón para os contribuíntes e para os provedores e subministradores.

8.- O servizo regulado, segundo se fai constar na xustificación e necesidade do contrato, ten que atender a unha maior eficiencia, a este efectos, esta ven determinada polas seguintes variables:

- Ausencia de custe na prestación, xa que o obxectivo é o dunha prestación sen custe.
- Máis facilidades ao contribuínte para facer fronte a extinción da débeda.
- Maior rapidez nos procesos e procedementos de pago aos provedores e subministradores.
- Por a disposición dos contribuíntes e do persoal municipal unha oficina xestora nas dependencias institucionais para dar servizo bancario e financeiro.
- Por ao servizo dos contribuíntes unha tecnoloxía e medios materias e humanos que satisfaga mellor as súas necesidades.

Na actualidade non se utiliza os sistema de pagos mediante a entrega en efectivo. Os pagos realízanse todos mediante transferencias con soportes ou ficheiros informáticos que garanten a súa integridade e seguridade cos procedementos establecidos no caderno 34-14 da AEB con adaptación ao SEPA. No ano 2020, última liquidación aprobada, segundo a información remitida ao Ministerio de Facenda, en relación co calendario final de Tesourería, os movementos acumulados foron os seguintes:

Cob. Orzament.	Cob. Non orza.	Total cobros	Pag. Orzamento.	Pag. Non orza.	Total pagos
257.506.669,03	59.176.778,27	316.683.447,30	225.582.747,25	57.616.817,88	283.199.565,13

III. Prestación dos servizos correspondente ao contrato

A prestación dos servizos contidos no contrato ten o seguinte alcance:



Concello de Vigo

- 1.- Cobro a través de toda a rede de sucursais da Entidade Financeira adxudicataria dos recursos municipais durante todo o seu horario de apertura e atención ao público, sen restricións.
- 2.- Actuación como Entidade Financeira XESTORA na devandita colaboración integral, recibindo do Concello os padróns ou listados cobratorios e realizando, a súa costa e ao seu cargo, as seguintes actuacións:
 - A edición ou impresión dos recibos non domiciliados (para o seu pago por portelo), ensobrado dos mesmos e distribución.
 - A edición e impresión dos avisos de cargo en conta e a distribución dos mesmos aos domicilios fiscais dos obrigados ao pago que se lle indiquen, xa sexa mediante o servizo de Correos ou outros operadores postais.
 - A expedición de duplicados no caso de que o obrigado ao pago ou o terceiro que desexa facer fronte ao mesmo non recibise o devandito documento por perda, extravío, etc.
 - Expedición da carta de pago dos recibos que estean en período executivo de apremio ordinario que o contribuínte solicite á entidade financeira.
 - A relación coas Entidades Financeiras colaboradoras que o Concello autorice.
 - A rendición de contas de forma centralizada, tanto da súa recadación como a das Entidades Financeiras colaboradoras autorizadas
- 3.- Comunicación de cobros e traspasos das contas restrinxidas á operativa, de conformidade coas instrucións que se reciban da Tesourería municipal, conforme á normativa do Caderno 60, en todas as súas modalidades segundo a versión vixente en cada caso, caderno 57 vixente en cada momento ou en calquera outro caderno que substitúa os anteriores.
- 4.- As xestións de tramitación de domiciliacións que se lle encomenden, caderno 19.14, versión vixente.
- 5.- A xestión dos cobros feitos no portelo das entidades de crédito (Xestora e colaboradoras), caderno 57
- 6.- A xestión de embargos de contas cos procedementos centralizados, caderno 63, versión vixente.
- 7.- Os servizos de pagos de acordo co previsto no caderno 34-14 do CSP/AEB.

IV.- Cumprimento e satisfacción do servizo

O obxecto contractual ten sido desenvolvido a plena satisfacción da institución e do responsable do contrato, desenvolvendo ferramentas informáticas que melloraron a xestión e que en algún caso non estaban previstas no contido do obxecto contractual.

Así mesmo, as relacións técnicas e de cumprimento das ordes que emite o servizo de tesoureira e recadación son adecuadas e satisfactorias para os intereses do Concello.

O mesmo criterio é o mantido para as relacións que a Entidade Xestora está a manter coas Entidades colaboradoras.

En relación ás entidades colaboradoras, a súa adaptación aos cambios técnicos introducidos no desenvolvemento e xestión das funcións propias e a preocupación pola mellora continua, tamén evidencia o compromiso das entidades na colaboración coa Institución Concello de Vigo.

A proposta de prórroga, ademais de estar así prevista no PCAP, non limita as expectativas de outras entidades, xa que a condición de entidade xestora ten asociados un custes que ningunha outra entidade concorreu ao procedemento aberto de contratación, e só a entidade ABANCA, presentou oferta como entidade xestora. As demais entidades financeiras que concorreron ao procedemento de contratación, non o fixeron proposta como entidade xestora, tan so asumiron a condición de entidades colaboradoras.

Ademais do anterior, o contrato non está suxeito a retribución para a entidade financeira.

En consecuencia co anterior, a non execución da prórroga non posibilita unha mellora nas condicións económicas do contrato, todo o contrario, o seguinte contrato vai estar suxeito a custe, e así se incluírá no Plan Anual de Contratación.

Tampouco hai unha perda de expectativa de negocia para outras entidades, que no procedemento vixente renunciaron a presentarse como entidades xestoras polo custe que tiñan que asumir.

En resume, tendo en conta os antecedentes, a xustificación económica, os fundamentos xurídicos expostos e o grao de cumprimento do contrato e satisfacción do rendemento obtido, o funcionario que subscribe estima que debe prorrogarse de forma expresa o contrato formalizado coa entidade de depósito en materia de prestación de servizos bancarios, de conformidade co establecido na cláusula CUARTA do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares, polo que, formula a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa o contrato formalizado coa entidade de depósito ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA, en materia de prestación de servizos bancarios, de conformidade co establecido na cláusula CUARTA do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeu o procedemento aberto, do Contrato de colaboración integral na xestión recadadora do Concello de Vigo, mediante sistemas de cobro: presencial, autoservizo e telemático, así como a prestación de servizos bancarios de pagos e apertura dunha oficina institucional.

SEGUNDO.- O prazo de prórroga do contrato terá vixencia entre o 1 de setembro do ano 2021 até o 31 de agosto do ano 2022.

TERCEIRO.- Prorrogar os convenios asinados coas Entidades colaboradores BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A, BANCO PASTOR, SAU, BANCO SANTANDER, S.A, BANCO DE SABADELL, SA, CAIXABANK, SA, IBERCAJA, BANCO, SA, NOVO BANCO e BBVA, polo mesmo prazo.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(474).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 42/2021. EXPTE. 3357/449.

Visto o informe de fiscalización do 28/05/21, dáse conta do informe-proposta do 14/05/21, asinado polo tesoureiro-director superior contable e orzamentario e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes que fundamentan a tramitación do expediente

En data 21 de maio de 2007, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o lote 1 do citado procedemento á Unión Temporal de Empresas formada por Eloymar, S.A. e Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A, e o lote 2 a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A. Este lote abarca os aparcamentos das rúas Jenaro de la Fuente, Castelao e Rosalía de Castro, así como un aparcadoiro de uso exclusivo de residentes anexo a este último.

En auto de data 20 de abril de 2017, o xulgado do mercantil número 1 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A.

En auto do Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña de data 16 de Febreiro de 2018, acordase o cese da actividade empresarial da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., así como a pechadura das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular.

En data 16 de marzo de 2018, a Administradora concursal comunicou a esta Administración o peche dos aparcadoiros en data 31 de marzo de 2018, en cumprimento do citado auto do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña de 16 de febreiro de 2018.

En data 30 de marzo de 2018, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, procedeu a entregar os aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao ao Concello de Vigo, que foron obxecto dunha nova concesión.

Sentencia de 6 de febreiro 2019 do Contencioso administrativo nº 1 de Vigo, de execución provisional da liquidación, auto de 23 de abril de execución provisional da sentenza anterior.

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 30 de xullo de 2020 acorda incoar expediente de liquidación do lote 2 do contrato de concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade de Vigo.

En sesión do 29 de xaneiro de 2001, a XGL, resolveu, previos informes, as alegacións da mercantil e fixou a contía da liquidación, que avaliaba os custes financeiros até o 31 de decembro de 2020.

A contía que é obxecto deste expediente, fai o axuste dos custes financeiros até o 30 de xuño.

Sobre o contido do expediente

A xustificación do expediente e a súa inaprazabilidade, ten causa tanto na execución efectiva da liquidación do contrato resolto por imperativo legal dos aparcadoiros de Rosalía Castro, Avda. Castelao e Jenaro de la Fuente, adxudicado a Cocheras Olívicas de Puentes S.A, como no propósito de evitar unha maior carga no custe que poidan supoñer os xuros da mora, e en cumprimento do disposto no apartado numero 5 do acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de xaneiro de 2021 e de conformidade co informe emitido polo servizo de contratación na data 22 de marzo de 2021.

O seu fundamento técnico está na propia insuficiencia para facer fronte ao custe da liquidación do contrato dos aparcadoiros citados, que non dispoñen de financiamento para a súa liquidación, así como o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 29 de xaneiro de 2021 .

A memoria xustificativa da Área de Fomento na que se relacionan as causas é a súa necesidade de tramitación, tanto por limitar o custe financeiro como polo acordo da Xunta de Goberno Local.

Resolución da Alcaldía de incoación do expediente.

Xustificación da modificación.

Hai distintos niveis de xustificación:

a) De tipo legal. Ao amparo dos acordos adoptados pola Comisión Europea da suspensión temporal do Pacto de Estabilidade e Crecemento a activación da cláusula xeral de salvagarda para os anos 2020-2021, permite que os Estados membros adopten acordos de pospor e deixar en suspenso a senda de consolidación fixada con anterioridade á crise.

O Goberno na sesión do Consellos de Ministros de data 6 de outubro de 2020 aprobou a suspensión da senda de estabilidade vixente. Tamén deu a posibilidade de utilización do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, non computando os empregos nos anos 2020/2021.

Con estas medidas quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e de débeda pública para 2021, así como os fixados para o período 2021-2023 aprobados polas Cortes Xerais en marzo e que quedaron desfasados na situación actual. A pesar diso, fíxanse uns niveis de déficit de referencia que servirán para permitir o funcionamento orzamentario ordinario de ambos os exercicios.

O Goberno fixou unhas taxas de déficit de referencia que serven como orientación e guía. O déficit de referencia para España no ano 2020 será do 11,3 e do 7,7% para 2021. Como é sabido, o déficit publicado polo Banco de España, no ano 2020 foi do 11%.

As entidades locais terán un déficit de referencia aproximado do 0,1% no ano 2021.

Consecuencia do anterior, no suposto de necesidade de financiamento (déficit orzamentario), non é necesario acometer a implementación dun Plan Económico Financeiro, causa que xustifica a tramitación e imputación do gasto ao orzamento do ano 2021.

b) De tipo técnico. En relación co emprego que se relaciona neste expediente, faise constar a inaprazabilidade do gasto, tendo en conta a necesidade de extinguir un pasivo continxente, aínda na situación de non haber acordo en relación coa contida da liquidación aprobada



Concello de Vigo

pola Xunta de Goberno Local en sesión do 29 de xaneiro de 2001, no que se da contestación ás alegacións da mercantil.

c) De oportunidade. Supón facer unha aplicación do RLTX a unha extinción dun pasivo, que está a devengar xuros de mora, polo que supón minimizar un custe financeiro.

d) Memoria xustificativa da tramitación dos recursos e emprego dos recursos para esta finalidade.

Queda por tanto debidamente xustificada a tramitación do expediente número 3357/449 que impulsa a Área de Fomento que financia con RLTX, os empregos que se relacionan, que ten que executarse no ano 2021.

Normativa de aplicación

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEASF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coa modificación incorporada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolucións do Sr. Alcalde Presidente de 18 e 26 de xuño de 2019 sobre delegación de competencias (texto refundido do 04/09/2020).

Bases de Execución do Orzamento.

A suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento.

O Acordo do Consello de Ministros polo que se suspende os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebedamento para o período 2020 e 2021 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

Expediente que se tramita

En execución da memoria xustificativa e da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (42/2021), que está conformado da seguinte documentación:

Informe xustificativo dá Área de Fomento en relación cos empregos, necesidades a satisfacer e memoria xustificativa da súa inaprazabilidade, sendo esta a causa da tramitación do expediente de modificación orzamentaria nº 42/2021.

En relación co cumprimento das regras fiscais de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, están suspendidas para o ano 2020 e 2021.

En relación coa análise do marco de peche do exercicio 2021, sen prexuízo da suspensión das devanditas regras, permite ter unha visión das variables fiscais en relación coa Liquidación do Orzamento do ano 2021.

En relación co anterior, hai que remitirse ao Marco Orzamentario de Medio Prazo do que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión do 31 de marzo de 2021 e se enviou ao Ministerio de Facenda o 12 de marzo de 2021 (expediente 178/143).

En canto á Regra de Gasto, tamén está en suspenso o obxectivo fiscal, polo que non procede facer a análise de peche, descoñecéndose como se vai a fixar a base para a liquidación do orzamento do ano 2022 ou se se mantén activada a cláusula xeral de escape para ese ano, como se calcula a variable para o ano 2023.

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2021 ni no marco orzamentario de medio prazo, a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

Incorpórase ao expediente a dispoñibilidade do recurso financeiro que conforma o Remanente Líquido de Tesourería.

A vista da documentación relacionada, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase proposta ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa, para adopción do seguinte acordo:

Proposta a Pleno previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 42/2021, Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 3357/449 por unha contía de 8.310.863,55 euros, para facer fronte ao emprego que mais abaixo se relaciona.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, cuxa cuantificación figura na documentación que conforma o expediente, que é obxecto de reprodución nesta proposta.



Concello de Vigo

Recurso

REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA DISPOÑIBLE

Remanente Líquido de Tesourería da liquidación 2020	Utilizado	Dispoñible
Inicial (A)		119.938.165,10
Modificación incorporación de remanentes, expediente 177/143	60.187.100,35	
Modificación de crédito , expediente 830/441	13.091.535,82	
Modificación crédito en trámite, expediente 3357/449	8.310.863,55	
Total remanente utilizado (B)	81.589.499,72	
Remanente dispoñible para outras finalidades (A-B)		38.348.665,38.-

Emprego

Programa	Partida	Proxecto	Emprego	Importe
9330	6220060	21933060	Liquidación Contrato Aparcadoiros	8.310.863,55.-

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións, sempre coa lexitimación activa e causas previstas no artigo 170 do TRLRFL.

TERCEIRO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do Crédito Extraordinario, poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(475).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez